

sarria

O matadoiro segue sendo o tema principal de discusión no Concello de Sarria. **Páx. 3**

o incio

A artista Carme López presenta o seu primeiro disco 'Vinde todas'. **Páx. 17**

paradela

A ITV para vehículos agrícolas estará no mercado gandeiro en xaneiro. **Páx. 18**

samos

O BNG pide que se adianten os pagos da PAC ás explotacións de cabrún e ovino. **Páx. 19**

láncara

O CPI Ramón Piñeiro de Láncara celebra o seu 50 aniversario. **Páx. 20**

Sarria échese de Nadal

Chegan as actividades de Nadal á comarca sarriá, organizando diferentes propostas para público infantil, familiar e adulto



“Traballamos de forma moi personalizada”

Falamos con Natalia López, xerente de Muebles Tapisa, un negocio con máis de 40 anos. **Páx. 10**

I Mercadiño de Nadal no Páramo

O Concello do Páramo está a organizar o seu I Mercadiño de Nadal. **Páx. 18**

Sociedade La Unión



Falamos con Jose Quiñoá e Ascensión Romero do futuro da Sociedade. **Páx. 4-5**

Asociación de Laiosa



A Asociación da parroquia de Laiosa promove a cultura. **Páx. 16**

Noa Tallón



A profesional do baloncesto formouse na canteira do CB Sarria. **Páx. 23**

“Reforzarán o proxecto de progreso social”

O Pleno da Deputación de Lugo aproba uns orzamentos que ascenden a 130 millóns. **Páx. 21**

CORBAR MAQUINARIA
INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

SARRIA

O Tapicheo 2024 será en dúas fin de semana



A Concellería de Educación, Festas, Muller e Integración pon en marcha unha nova edición do Concurso de Tapas Tapicheo 2024, celebrando a súa XVII edición.

Desta maneira, evento gastronómico máis agardado en Sarria celebrarase entre o 5 e o 8 e o 13 e 14 de decembro, que este ano virá acompañado de "sabores únicos, boa compañía e, como sempre, o mellor ambiente polas rúas de Sarria", destacan desde o Concello de Sarria.

O concurso organízase co obxectivo de promover, promocionar e potenciar o sector da hostalería de Sarria, dando visibilidade á gastronomía local co obxectivo de converterse nunha ferramenta para desestacionalizar e a dinamizar a actividade do sector no municipio.

Os establecementos participantes son 17 locais: D'Orixen, Adarve, París, Al Paso To Go, 8 Mm, camping-parrillada Sarria, Pan Team, Barullo Gastrobar, Cubano, O Turuta, Central, Vilas, Next, Dp Cristal, Don Pepe, restaurante O Chanto e hotel Alfonso IX.

As persoas que participen no Tapicheo e percorran os 17 bares poderán entrar no sorteo dunha viaxe, e as persoas que completen a tarxeta de votación cun mínimo de establecementos poderán gañar a outros agasallos, como comidas ou lotes de produtos.

A concelleira de Festas, Geni Valcárcel, detallou que, ao ser un evento de dúas fins de semana, o sector dos hostais disporá de máis tempo para preparar con meticulosidade cada tapa e a súa presentación. Así, os clientes poderán desfrutar das diferentes tapas en maior tempo, xa que ás veces nunha fin de semana a alguén lle pode coincidir mal, pero neste caso, ademais, fano coincidir coa ponte da Constitución, polo que desde o Concello esperan unha gran participación nesta iniciativa. Ademais, Geni Valcárcel animou aos xerentes dos diferentes establecementos a promover a organización deste evento de cara ao futuro e tamén destacou o esforzo destes veciños por poñer o sector da hostalería de Sarria no lugar que merece.

Organízanse diversas actividades durante os meses de Nadal

O Concello de Sarria organiza diversas actividades durante o mes de decembro e xaneiro para ofrecer á veciñanza propostas de Nadal para todos os públicos. Así, o acendido de luces será a primeira das iniciativas navideñas, mentres que a pista de patinaxe será colocada na Praza da Vila, coincidindo coa posta en marcha do tradicional Mercado de Nadal.

Ademais, o servizo de Conciliación do Concello pon en marcha o 'Nadal no país das marabillas', que terá lugar no CEIP Frei Luís de Granada do 23 de decembro ao 17 de xaneiro, aínda que o prazo para solicitar praza remata o 9 de decembro, xa que o día 12 se publicará a lis-



ta provisional, do 13 ao 17 haberá que mandar a documentación, e a listaxe definitiva será publicada o 19 de decembro.

E hai máis. A partir do 15 de decembro e ata o 5 de xaneiro, haberá unha ampla programación cultural, con representacións teatrais na Casa da Cultura, proxeccións de

películas, a Cabalgata de Papá Noel e a dos Reis Magos, unha gala de maxia, un concerto de Nadal e outras iniciativas musicais, unha actividade de contacontos no rural; así como tamén terá lugar a presentación do libro do escritor hispano-venezolano afincado en Sarria, Javier Conde, 'Vidas de exilio'.

Instalada a pasarela para cruzar do barrio da Estación ao Mazadoiro

Adif vén de rematar as obras para a construción dunha pasarela peonil por riba da estación de tren de Sarria, no barrio do Mazadoiro, unha demanda social que xa é unha realidade.

Despois de case dous anos de obras, esta pasarela unirá así os barrios do Mazadoiro e da Estación, cuxos veciños levaban décadas pedindo que se acometerá esta obra como unha necesidade social, xa que evita que teñan que ir pola ponte vella da estrada de Lugo a Monforte para pasar dun barrio ao outro.



Para acceder a esta nova pasarela, a veciñanza poderá acceder a ela desde as rúas Mazadoiro e a Ramón Cabanillas, onde hai carteis sinalizando xa a entrada

á pasarela, que é metálica, sostida por piares de formigón. Tamén ten unha rampla inclusiva e ten previsto engadírselle unhas escaleiras.

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

*SOLO SARRIA (CASCO URBANO)

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

TOURIST HOME
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS
Tfno: 650 082 298

GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

INFÓRMATE SIN COMPROMISO

A Deputación de Lugo esixe que o matadoiro sexa público

A Deputación de Lugo esixiralle ao Concello de Sarria e á Xunta de Galicia que volvan poñer en marcha o matadoiro municipal, despois de acordarse así no Pleno ordinario do mes de novembro celebrado este martes no Pazo de San Marcos tras unha proposta de Goberno que foi aprobada por unanimidade.

Antes da sesión plenaria, o presidente da Deputación, José Tomé Roca destacou a importancia de que esta dotación pública “esteá ao servizo dos cidadáns de Sarria e da comarca”, pediu o compromiso da Xunta de Galicia, e urxiuna a que “se molle”, como no caso de Mondoñedo para que a provincia poida contar de novo con esta instalación a pleno funcionamento tan necesaria para os gandeiros e gandeiras e o sector cárnico.

Explicou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, que as máis de 950 granxas da comarca, das que 232 están no municipio de Sarria, están tendo que levar o gando a matadoiros doutros concellos, “o que significa máis custos e menos competitividade” por culpa da “mala xestión municipal”.

Nese sentido, Rivera Capón relatou como tras unha avaría ocorrida a finais de agosto na caldeira de auga quente e vapor, e tras meses pechado, o alcalde sarriao sinalou débedas da dotación municipal de entre 150.000 e 200.000 euros. “Unha situación que”, segundo denunciou o deputado, “está a motivar a perda de moito volume de negocio e repercutindo no consumidor



final polos custos que supón o transporte ao adquirir gando doutras comarcas”.

Recordou, ademais, que hai dúas semanas unhas 400 persoas se concentraron en Sarria ante esta situación.

O texto da proposta de Goberno recolle, por unha banda, instar ao Concello de Sarria a ser diligente e áxil á hora de resolver a situación ante o “malestar” do sector, e de presentar o antes posible un proxecto económico sólido e viable á Xunta de Galicia para recuperar con celeridade a actividade do matadoiro de maneira definitiva e non con carácter transitorio. Por outra, esixirille á Consellería do Medio Rural da Xunta a cumprir co seu compromiso de subvencionar gran parte do investimento necesario para poñer en marcha o matadoiro de Sarria.

AXUDA DE 50.000 EUROS. O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, nunha reunión con alcaldes e alcaldes da comarca de Sarria para

abordar a situación do matadoiro de Sarria, anunciou que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo ofrece, a través da área de Rural, 50.000 euros anuais para o funcionamento do matadoiro como servizo público, que podería variar en función da actualización das taxas de uso do matadoiro.

Pola súa parte, o alcalde de Sarria, Claudio Garrido propuxo que a Deputación, considerando o artigo 36 da Lei de Bases de Réxime Local, asuma a xestión do matadoiro.

Camiña Sarria lembra que o matadoiro é “unha infraestrutura municipal e que sempre foi xestionada polo Concello de Sarria, sen apoio doutros municipios da comarca nin de ningunha outra administración pública”. En consecuencia, mantén a súa postura firme en defensa dun modelo de xestión privada, que consideran máis eficiente e sostible para un servizo de carácter económico-comercial que beneficia principalmente ao sector privado”.

Geni defendeu a xestión municipal do matadoiro



O pleno do Concello de Sarria volveu estar protagonizado pola tensión e os reproches dos partidos da oposición ao Goberno local de Camiña Sarria, concretamente á concelleira responsable do matadoiro, Geni Valcárcel.

Durante a sesión plenaria municipal, tanto o PSOE como o PP de Sarria presentaron mocións sobre o matadoiro municipal, esixindo, de novo, que se mantenga aberto este servizo público para os carneiros. Estas mocións foron aprobadas polos partidos da oposición. Ademais, a concelleira Geni Valcárcel compareceu na súa quenda de palabra para responder ás preguntas de Carmen José López e de Benjamín Escontrela.

Nun intercambio de interrupcións, que Escontrela cualificou de “circo”; Valcárcel defendeu a súa xestión á fronte do matadoiro municipal, explicando como foi o proceso para que o novo goberno asumira este servizo e que “Intervención non avisou sobre problemas nos pagos do matadoiro”, senón que lles avisou de que había unha dispari-

dade con Provacuno, polo que pensaban que o erro viña destas facturas e non dos cobros do Concello. Polo que Geni culpou ao antigo Goberno da situación do matadoiro e defendeu que a única solución actual é un cambio de xestión, mentres que, agora mesmo, o matadoiro está en funcionamento despois de arraxarse a caldeira.

Ademais, Efrén Castro, portavoz do BNG, reprochoulle á concelleira non responder directamente as preguntas dos seus compañeiros e defendeu que o Concello de Sarria ten todas as posibilidades e as mans tendidas para manter este servizo municipal público; ao que Geni contestou que non ían “aceptar migallas”, xa que, explicou, o matadoiro ten problemas na caldeira, pero tamén nos corredores, ademais doutros, e os gastos que non se cubran coas axudas doutras institucións, “terán que ser asumidos polos veciños de Sarria e iso non é xusto. Nós pensamos en todo o pobo de Sarria, por iso defendemos un cambio de xestión”, defendeu.

MADERAS GUILLAR
COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO:
CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO
 (fincas de calquera tamaño)
ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO

645 958 789 (Pablo)
 660 517 860 (José Angel)

CHÁMENOS SEN COMPROMISO

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS
 PUERTAS
 ARMARIOS
 COCINAS Y COMPLEMENTOS
 TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
 Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

“A Sociedade La Unión ten que adaptarse aos tempos”

Jose Quiñoá, presidente da Sociedade Cultural La Unión, e Ascensión Romero, directora de Cantareiros, falan das actividades e dos proxectos na Unión

“Este ano 2025 hai que renovar a directiva e a min gustaríame que viñera alguén máis novo e con ilusión para facer cousas pola Unión”. Así comeza o presidente, José Quiñoá, que leva 16 anos dedicado a mellorar unha entidade con 105 anos de historia na vila de Sarria. “Cando eu cheguei estaba todo desfeito, custounos moito poñer de novo a Unión no lugar que merece, arranxar todos os desperfectos, cambiar os cristais que podían provocar un accidente, mellorar as galerías, poñer un ascensor, mellorar os xardíns, converter a carpa nun lugar axeitado para organizar eventos... custou moito esforzo, traballo e diñeiro por parte da Sociedade e tamén de subvencións da Deputación de Lugo, pero agora podemos presumir dun edificio moi digno para Sarria, só nos queda poñer

un acceso ao edificio para persoas con mobilidade reducida”, defende o presidente, que aínda ten ilusión por poñer en marcha proxectos na entidade, aínda que cre que un cambio “pode vir ben tamén. Era conveniente que entrara alguén novo porque sempre que se entra de primeiras nun sitio, faise con moita ilusión”. A isto, a directora da actividade Cantareiros, Ascensión Romero, contéstalle que “a túa ilusión vale por todos” porque grazas a el, di, “puxéronse en marcha moitísimas actividades”, pero recoñece que “dá moito traballo”. Así, Quiñoá sostén que “se se está aquí, é para estar, senón, non estas”, polo que pide que, de haber algunha persoa interesada na dirección da Unión, debe estar comprometida.

Por iso, valora a evolución da

Unión, na súa etapa como presidente, como “moi boa”, porque antes había un “abandono físico e tamén psicolóxico. A xente estaba desmotivada e nin sequera podían entrar aquí os nenos. A min, encántame que os nenos estean na Unión, por iso nas primeiras festas que organizamos, poñiamos un monitor para que os pais puideran cear e os nenos puideran desfrutar”, explica Quiñoá.

“Fixo falta moito esforzo, traballo e diñeiro, pero agora podemos presumir dun edificio moi digno para Sarria”

“Hai que darlle continuidade á Unión. Se os nenos veñen e están aquí, logo serán maiores e seguirán sendo parte da Unión, traendo aos seus fillos tamén aquí”, argumenta Ascensión Romero.

En xeral, di o presidente, “tivemos sorte e acertamos, adaptámonos ás circunstancias actuais e escoitamos o que está a demandar a sociedade, que son actividades e servizos. Por iso, instalamos mesas de billar, mesas de tenis de mesa, bambás... ás veces non sabemos o que pode dar resultado, pero hai que ir probando”.



AS ACTIVIDADES. Así, cando José Quiñoá chegou á presidencia, e analizando esta necesidade de actividades na vila, implementou clases de baile a través dunha rapaza de fóra de Sarria que veu á vila e que propuxo dar as clases ela na Unión, “coa sorte de que foi todo un éxito. Deu baile de sevillanas, ximnasia, pilates, ioga... Logo impartíronse clases de billar, de xadrez... Agora ademais estase facendo zumba, karate, pandeireta, o grupo de cantos de taberna, agora xa lles chamamos ‘Cantareiros’ e con eles empezamos a cantar e saíamos a outros lugares para participar nas súas festas e con iso empezouse a animar a xente e agora seremos 30 persoas que participan dos cantos de taberna, pero non podemos saír por aí porque máximo poden ser 10 persoas cantando nun local, non collen”, sostén.

Pola súa parte, Ascensión Romero pon en valor as instalacións da Unión, xa que “os socios poden vir xogar ao xadrez e utilizar as mesas de billar, poden vir tomar algo e falar, poden vir á Biblioteca que temos, e en verán

pódese desfrutar dos xardíns, dos bambás... coa cota de 15 euros mensuais por familia que hai que pagar á Unión pódese desfrutar de todo isto e de todas as actividades que se ofrecen”, pon en valor.

Ademais, engade o presidente, que tamén hai cine na Unión: “Xa que non temos un cine en Sarria, os domingos estamos proxectando, coa colaboración da Deputación Provincial unha serie de películas do Mestre Mateo para todas as persoas, que neste caso non fai falta que sexan socios da Unión; é unha actividade aberta para toda a sociedade de Sarria. Encantaríanos que viñera a xente e que nos coñecera e, despois, se o ve ben, que se faga socia”. E Romero destaca que a implicación coa Unión non só debería vir da sociedade en xeral, se non sobre todo dos socios, que son máis de 500. “Necesitamos que os socios se impliquen máis e que propoñan iniciativas novas para seguir mellorando. Estamos ávidos de que veña xente nova e propoña cousas que igual se nos escapan”, defende.



LIMPIEZAS DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabelimpiezas@gmail.com

AS RODAS

MENU

ESPECIALIDAD EN PARRILLA

Buffet libre churrasco 29€

Incluye: ternera, cerdo, pollo, criollo, chorizo, patatas, ensalada, pimientos de padrón, postre, bebida, café y chupito.

Menú diario 12,50€
Menú fin de semana 15€

Churrasco siempre incluido en el menú
Amplio horario de cocina de 11h a 17h.

Celebración de eventos / Habitaciones
Tels. reservas: 634 494 540
982 546 749

Lugar Valiña 7,
Sarria

A COLABORACIÓN. “A nosa filosofía é gastar os cartos para os socios e ás veces contamos coa axuda do Concello de Sarria, da Deputación ou da Xunta para facer actividades para toda a sociedade, como concertos, actuacións de festivais... viñeron moitos grupos patrocinados polo Concello e esas cousas son abertas para todo o público. Tamén o día de San Xoán, o día 24 ábrese a Unión para facer unha sesión vermú na que participan miles de persoas”, explica o presidente da Unión.

Ademais, desde a Sociedade La Unión colaboran con outras entidades, como Cruz Vermella, asociacións do Camiño de Santiago... “Ás veces pídenos o local para facer eventos”. E Quiñoá destaca que a colaboración tamén vai da man das asociacións de Sarria, facendo partícipes aos demais da Sociedade La Unión. “En San Xoán vén actuar a Asociación Meigas e Tragos e tamén actúa aquí ás veces a Banda de Música de Sarria. Este ano que entra esperamos que poida vir tamén a Banda da Comarca de Sarria á Unión. Ademais, no verán facemos sesións vermú ou en inverno ás veces facemos pequenos concertos da man de bandas de Sarria”, sostén o presidente.

Co Concello, ademais, teñen un

convenio, xa que ao ter ao lado a Capela do Marqués ás veces organizan vodas desde a Unión para socios; mentres o Concello de Sarria tamén pode usar a Unión para as actividades que vexan convenientes.

Destacan tamén a colaboración da Deputación de Lugo, a través da cal obtiveron unha axuda de 10.000 euros para adquirir un equipo de son para que os grupos que vaian actuar á Unión poidan facelo de maneira que as persoas disfruten de dito sistema de son. Desta maneira, desde a Unión promóvese que veñan á Unión todos os grupos de música de Sarria. “Queremos promover que, coas instalacións que temos e con este sistema de son, todos os grupos de Sarria que queiran actuar na Unión, poidan facelo, e que sexa concertos aos que poidan asistir tanto veciños como todas as persoas interesadas”, explica Quiñoá.

Porén, tamén necesitan axudas. “Pedímoslle á Xunta de Galicia unha subvención para poder ampliar a nosa biblioteca, xa que tivemos unha doazón de dous mil e pico de libro e queremos dotar a este espazo de comodidades para poder albergar os libros de maneira de que poidan conservar lonxe de humidades e o seu mantemento”,

explica o presidente.

OS PROXECTOS DE FUTURO. Os proxectos a longo prazo da Unión son, ademais da próxima renovación da directiva, “seguir como ata o de agora, organizando actividades diversas e adaptarnos ao que nos pidan os socios, xa que sempre estamos abertos a propostas e queremos seguir na liña que puxemos en marcha no ano 2008, mellorando a Unión e tamén a vida dos veciños”. Así, destacan o Entroido que se fai na Unión, que conta xa con moita tradición e é o seguinte evento no calendario

“Queremos promover que, coas instalacións que temos e co noso sistema de son, todos os grupos de Sarria que queiran actuar, poidan facelo na Unión, e que sexan concertos abertos para todos os veciños e veciñas da vila de Sarria”

da Unión, o primeiro do 2025. “Aquí o Entroido é inmenso, vén moitísima xente”, explican. Tamén se fan ceas e bailes para os socios durante o ano, “promovendo a convivencia entre os socios e que cada vez haxa máis xente na Unión para o ben de todos, xa que a Sociedade é dos socios e as instalacións mantéñense grazas ás cotas familiares dos socios, que é un prezo simbólico, xa que entran todas as actividades, as festas...”, explica Ascensión Romero. Así, o presidente engade que tamén



se fai e se quere seguir facendo unha festa aberta ao público o segundo sábado de agosto ‘Interxeracións’, e tamén pon en valor a cea de gala do San Xoán. Ademais, destaca que este ano a Unión acolleu unha xornada de Batalla de Galos na que se entregaron premios aos participantes, e queren seguir promovendo estas o ano que vén. E tamén pon en valor a importancia das conferencias e das presentacións de libros na Unión, convidando, incluso, á xornalista, a presentar un libro no caso de que quixera publicar unha obra no futuro.

“Hai moitas sociedades en Galicia que pecharon, pero nós seguimos activos porque propoñemos actividades e festas, colaboramos con todas as institucións e con todas as asociacións, así como con grupos de música ou doutro tipo que queiran facer algo aquí. Manter unha sociedade é difícil, pero tes que adaptarse aos tempos e ao que quere á xente”, defende Quiñoá.

Pola súa parte, Romero subliña que hai moita xente de Lugo que vén á Unión porque en Lugo non atopa un lugar con tantas actividades. “En Lugo teñen os espazos, pero non teñen a iniciativa que temos en Sarria”, sostén a directora de Cantareiros.

Con todo, o presidente di que, como proxecto de futuro teñen xa un convenio establecido coa Deputación de Lugo para subvencionar un equipo de proxección para poder visualizar de maneira máis óptima os filmes que se proxectan na Unión. “Potenciar o cine e ter mellor calidade de proxección, así como o son que xa temos, permitirá que poidamos incluso promover o cine do verán, que antes da pandemia se facía no mes de xullo, ao que viña moita xente. É darlle posibilidades á xente para que disfrute da Unión”, explican.

Finalmente, o presidente da Unión comenta que outra das necesidades de futuro é mellorar os xardíns, xa que teñen máis de 4.000 metros cadrados “e hai que mantelos”, explica. Só en arranxar unha árbore gastaron máis de 2.000 euros. “Nós temos que certificar que as árbores e os xardíns están en bo estado. Os terreos hai que reacondicionalos, adecualos e poder poñer unhas mesas, unhas árbores, e poder ter unha cousa bonita para disfrutar da paisaxe. Temos que ter auga suficiente, temos que dotalo de rego... Estamos niso buscando unha axuda para poder facer isto”, conclúe o presidente da Unión.



¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

982 533 165
646 599 185

Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

FACENDA FARRUQUINO

ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSGRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

A XVII Festa do Cocido Porco Celta xa ten data



Xa se sabe a data na que se celebrará este ano a XVII Festa do Cocido Porco Celta da comarca de Sarria, que este ano será un só día, o 15 de febreiro. Desta maneira, terá lugar 15 días antes da celebración do Entroido 2025 e os restaurantes da comarca servi-

rano con antelación, polo que os grupos deberán facer a súa reserva previa. Na edición do ano 2023, os establecementos participantes foron o Hotel Alfonso IX de Sarria, o Hotel Roma de Sarria, o Chanto de Sarria, o Camping Vila de Sarria, e o Hotel a Veiga de Samos.

A música de Abraham Cupeiro forma parte da BSO de Gladiator II

O sarriao Abraham Cupeiro vén de ser recoñecido internacionalmente polo compositor de cine Harry Gregson-Williams, que elixiu ao músico de Sarria como parte da Banda Sonora da película Gladiator II.

Ao compositor estadounidense, elixido polo director de cine Ridley Scott, foille encomendada a tarefa de compoñer a música para esta película, que se estrea en España o 15 de novembro despois de 24 anos desde a estrea da primeira, e sostén que na súa busca de músicas que invocaran o tempo pasado, atopou a Abraham Cupeiro.

Así, Harry Gregson-Williams desprazouse ata o norte de España



para gravar con Abraham Cupeiro e “descubriendo eses estraños e maravillosos instrumentos que ten”, sostén o compositor. Con todo, di que “recollín todos

os sons que reproduciu para levarlos a Los Angeles e fundilos na miña partitura, podendo escoltalos na Banda Sonora de Gladiator”, conclúe Harry.

A Plataforma Sarriana polo Río vén de doar 20 sillóns á residencia de maiores

A Plataforma Sarriana polo Río doou 20 sillóns á residencia de maiores Nosa Señora do Carme por valor de 5.383,27 euros que foron doados por veciños anónimos e adquiridos pola fábrica de tapizados de Sarria Tapisa.

A entidade promoveu esta iniciativa co obxectivo de cumprir co compromiso de abril/2014 e de 23/abril/2016 de devolver para fins sociais ou ONG'S os cartos doados hai 8 e 10 anos polos veciños, e simpatizantes de fóra, que participaron daquela no crowdfunding 'Móllate por quen se mollou'. Naquel momento, serviron para pagar as “ilegais sancións económicas” impostas pola Subdelegación do Goberno de Lugo e que posteriormente foran anuladas e declaradas contrarias a dereito polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo en diversas sentenzas de 23/nov/2016 e de 26/xullo/18”. Así, desde a Plataforma Sarriana polo Río defenden que “somos un mero transmisor da xenerosidade da xente que cando lle tocou



defendeu co seu patrimonio persoal, non só a 34 veciños expedientados e sancionados irregularmente, e a outros 10 denunciados no seu momento no eido penal; senón que eses doantes tamén estaban a defender a democracia, a liberdade e o medio natural e cultural do río Sarria”.

defendeu co seu patrimonio persoal, non só a 34 veciños expedientados e sancionados irregularmente, e a outros 10 denunciados no seu momento no eido penal; senón que eses doantes tamén estaban a defender a democracia, a liberdade e o medio natural e cultural do río Sarria”.

Meigas e Tragos organiza unha exposición de traxes e cestería



A Asociación Cultural Meigas e Tragos de Sarria organiza unha exposición de traxes e cestería tradicional galega no seu lar social coa colaboración do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo. Así, as persoas interesadas en desfrutar desta mostra de pezas da tradición ga-

lega en canto aos vestidos que se levaban, poderán vela ata o vindeiro 16 de decembro.

A mostra está dispoñible os luns, martes e xoves de 19.30 a 21.00 horas e os sábados tamén se poderá ver en horario de 11.00 a 13.30 horas e de 16.30 a 19.30 horas.



Helena Salgueiro gañou o Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño

O xurado da XXIV edición do Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, composto por Alba Cid, Silvia Penas e Antón Lopo, actuando como secretaria a presidenta da Asociación Cultural Ergueitas, María Casar, e como presidente o concelleiro da Área de Cultura de Sarria, César No, decidiron outorgar por unanimidade o galardón ao poemario 'Amor Palimpsesta', presentado baixo o lema 'Fantasmata & coop', unha obra de Helena Salgueiro Golán.

Esta, din "é unha proposta de superación dos xéneros desde a forma e desde a propia elaboración teórica para realizar un discurso que se adentra na construción dunha voz poética non constringida a ningún rexistro determinado. Un poemario vórtice, concibido desde a fragmentación textual e a hibridade xenérica". Así, a autora espállase en diversas artes, fai selección de materiais e



compárteos con quen le, confiando na (in)finitude do libro e neste canto de amor á escritura e exercicio de escritura sobre o amor explórase este último como macro-texto sagrado.

Palimpsesta é un poemario que despreza unha paisaxe híbrida, cunha engrenaxe paratextual moi rica e complexa, que alicerza

unha reflexión arredor do amor e da escrita. Fragmentario e experimental, porén coa unidade e coherencia dun proxecto firme e complexo. Imaxes lúcidas, ironía e humor e unha ramificación de voces e texturas, múltiples formas que o converte nun libro-corpo colectivo "cheo de vida e posibilidades", destacan desde Ergueitas.

Roberto Lolo invita ao mago Yericó ao Festival Internacional de Maxia

O mago sarriao Roberto Lolo vén de anunciar o primeiro artista que participará no XX Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria no vindeiro mes de agosto de 2025. Explica que, sen ter falado con el, o elixiu porque o perdeu todo por culpa da DINA de Valencia e quere lanzar esta iniciativa para promover que o Mago Yericó, de Valencia, poida vir a Sarria o vindeiro ano. Desta maneira, Roberto Lolo quere que a xente coñeza "o bo mago que é, e sobre todo, o boa persoa que é o Mago Yericó, así como non perda a esperanza e poidamos en-



tre todos aportar un graniño de area para iso", sostivo.

Así, o mago de Sarria destacou que, se pola razón que sexa, o Mago Ye-

ricó non puidese vir a Sarria, falaría co Concello "para que o presuposto da actuación quedara pechado igualmente para ti", conclúe.

A CHMS mellora o saneamento e a EDAR



José Antonio Quiroga, presidente da CHMS, e o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, visitaron as obras de mellora do saneamento e da EDAR de Sarria, que acaban de acabar. Estas actuacións foron executadas polo Estado e supoñen un investimento de 3.322.500 euros. Os traballos iniciáronse o 7 de setembro de 2022 coa construción do colector interceptor no río Sarria e dun novo colector xeral sobre a traza do actual do colector interceptor xeneral de entrada á EDAR.

As obras estiveron suspendidas desde o 24 de maio de 2023 para a tramitación dun proxecto modificado consistente nunha actuación que desprace o punto de vertedura da EDAR, augas abaixo da illa da Veiguiña, ata a confluencia dos ríos Sarria e Celeiro.

O proxecto consistiu na construción dunha nova estrutura de regulación situada augas arriba da EDAR, que eliminan sólidos da auga a tratar e da auga que en tempo húmido deba de ser aliviada porque exceda a capacidade de tratamento da EDAR. Como complemento a esta actuación, construíuse un novo emisario que conduce a

vertedura conxunta desta regulación e do caudal tratado pola EDAR a un punto situado a máis de 200 metros augas abaixo do punto de vertedura autorizada actual, co que se evita toda afección á illa da Veiguiña, de gran interese para os sarriáns. "Estas actuacións contribuirán á resolución dun problema existente, mellorando a contorna do punto de vertedura da EDAR e o leito augas abaixo do mesmo, paliando os efectos negativos sufridos no río Sarria, unha masa de auga que cumpre cos obxectivos ambientais fixados na Directiva Marco da auga, pero que estaba sometida á presión dunha vertedura puntual do núcleo de Sarria", incidiu Quiroga.

"É importante destacar a clara incidencia ambiental positiva destas obras, na medida en que contribúen a solucionar os problemas existentes, o que repercutirá directamente na calidade das augas do leito, evitando así a súa deterioración ambiental e paisaxística. Destacamos o compromiso da Unión Europea co desenvolvemento sostible como obxectivo inspirador das políticas económicas e sociais", concluíu.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

O PP pídelles ao Goberno local mellorar o barrio do Mazadoiro



O Partido Popular de Sarria esixiu no pleno que o Concello execute e amplíe o tramo de rúa que dá acceso desde a estrada de Lugo ao barrio do Mazadoiro e que “está a supoñer un tapón para o desenvolvemento e o tráfico rodado desta zona”, unha moción que foi aprobada.

Co obxectivo de trasladar ao Pleno o sentir dos veciños da zona, concelleiros do grupo municipal do Partido Popular mantiveron un encontro no que a veciñanza puxo de manifesto os trastornos que ocasiona o estreitamento na entrada da zona do Mazadoiro.

“A eliminación do tapón urbano nesa zona era unha vella demanda dos veciños do Mazadoiro e, unha vez que as construcións que impedían levar a cabo esta actuación foron no seu día derrubadas, non hai obstáculo nin escusa para proceder á mellora dos accesos ao barrio”, explica a voceira, Carmen José López.

Ademais, aproveitaron a reunión para valorar cos veciños outras deficiencias que afectan gravemente á zona como a falta de

iluminación suficiente, o estado do parque (que se atopa practicamente desmantelado e abandonado, cos elementos de xogo rotos e oxidados e os bancos rotos), así como a necesidade de incluír medidas de seguridade para a redución de velocidade dos vehículos ou de mellorar o acceso, firme e canalizacións na rúa da Trea e o Camiño de Treilán. Os populares xa tiñan trasladado anteriormente estas demandas, así como a necesidade de reparar o firme da ponte do Mazadoiro, que presenta zonas afundidas, baldosas rotas e múltiples charcos como consecuencia das obras de Adif, algo que xa foi reclamado no pleno durante este mesmo mandato.

“Esiximos que o Goberno de Camiña Sarria preste a debida atención ao barrio do Mazadoiro e que aproveite as actuacións que está levando a cabo con motivo das obras de renovación da auga e do saneamento para atender, sen máis atraso, as lóxicas e entendibles reivindicacións dos veciños”, conclúe a voceira, Carmen José López.

O alumnado do obradoiro de emprego Sarria, Camiño de Santiago IV recibiu os diplomas

A Xunta entregou os diplomas aos participantes no obradoiro de emprego Sarria, Camiño de Santiago IV, que durante o último ano formou a 20 persoas desempregadas en campos con boa saída laboral, como son os relacionados coa albanelería e a carpintería. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destinou 531.000 euros a financiar a actividade, promovida polo Concello.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, e a directora territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Carmen José López, participaron na clausura xunto co alcalde de Sarria, Claudio Garrido.

Arias destacou que o Goberno galego financiará a posta en marcha doutro taller. A actividade Sarria, Camiño de Santiago V comezará este ano e durará nove meses. Os destinatarios son 20 persoas sen emprego que recibirán formación teórica e práctica ao tempo que se benefician dun contrato de traballo mentres dura o obradoiro. Arias felicitou ás persoas alumnas traballadoras que completaron con éxito o programa



e animounas a aproveitar os coñecementos adquiridos “para optar a un emprego relacionado con estes sectores e mesmo para explorar as posibilidades de emprender un negocio”. Os que opten por esta vía “contarán co apoio da Xunta a través da rede de polos de emprendemento, nos que se presta de xeito gratuito apoio e asesoramento a calquera persoa que desexe poñer en marcha unha iniciativa empresarial”. Ademais, lembrou que Sarria conta cunha destas oficinas dende o pasado verán.

O delegado tamén puxo en valor o traballo de servizo público que realizan os obradoiros. Subliñou que a posta en marcha do novo taller de emprego permitirá continuar cos labores de acondicionamento e embelecemento en puntos de interese de Sarria. Están proxectadas actuacións como a rehabilitación de dous pendellos no campo da feira; así como a instalación de portas e xanelas de madeira e outros revestimentos do mesmo material na oficina de turismo, entre outras actuacións.

Adquieren dúas leiras para ampliar as piscinas exteriores e o campo de rugby

O Concello de Sarria aprobou a compra de dúas leiras por un valor de 130.000 euros no Chanto para a ampliación das piscinas municipais exteriores.

O vindeiro 9 de decembro formalizarase a operación e así operarios do Concello de Sarria poderán

limpar as parcelas, unha de 4.448 metros cadrados, e outra de 786 metros cadrados.

Desta maneira, o obxectivo co espazo da parcela grande é aumentar o espazo das piscinas e tamén instalar uns tobogáns e xogos acuáticos para o disfrute da veci-

ñanza durante os meses do verán e así converter esta zona nun lugar para o ocio familiar.

Pola súa parte, tamén se ampliará o campo de rugby co espazo que se gaña coa adquisición da parcela máis pequena, que está ao outro lado do río Sarria.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

AudioSarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

Durante este mes, tenemos el placer de ofrecerle la siguiente promoción. Un descuento en sus audífonos del cincuenta por ciento en la segunda unidad sobre el precio venta público, hasta fin de existencias. ¡Consulte más información en nuestro centro!

Los servicios incluidos en esta promoción son los siguientes en función del modelo seleccionado.
1) Garantía de 3 o 5 años de garantía con la posibilidad de incluir un seguro de rotura, pérdida o robo.
2) Financiación en 18 meses sin intereses.
3) Posibilidad de prueba gratuita.

AUDÍFONOS CON LA GARANTÍA SIEMENS
A MEDIDA Y RECARGABLES (no necesitan pilas)

PIDE TU CITA EN:
982 531 191
669 548 976
C/ Matias López, 63-bajo

27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com



SARRIA, unha comarca con sabor



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

• PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
• TERNERA GALLEGA SUPREMA
• ASADOS EN HORNO DE LEÑA
• ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Casa de Aia Padron



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL: 639 010 696

“O que nos diferencia é traballar dunha forma moi personalizada”

Natalia López, xerente de Muebles Tapisa, leva á fronte deste negocio máis anos dos que lembra, xa que é filla e sobrina dos donos orixinarios

Cales son os inicios de Tapisa?

A historia de Tapisa xorde hai máis de 40 anos pola paixón profunda que sentían os fundadores polo deseño e a funcionalidade. Ao longo deste anos, medramos en experiencia e como equipo, pero a nosa esencia segue intacta, xa que o noso compromiso é converter cada proxecto nunha obra de arte única. Dedicámonos con paixón a transformar espazos e crear ambientes únicos a través da arte da tapicería. E énchenos de orgullo ser unha empresa familiar que pon o corazón en cada detalle, asegurando a calidade, a personalidade e a comodidade como piares do noso traballo.

Que produtos e servizos se ofrecen?

O primeiro dos servizos que ofrecemos é a fabricación a medida de mobles exclusivos, perfectamente adaptados ao espazo e o estilo persoal de cada cliente. Así, facemos desde sofás ata butacas e cabeceiros. Cada peza está deseñada en colaboración co cliente, asegurando que o resultado final sexa o que quere. Por outra banda, ofrecemos un servizo de retapizado co fin de darlle unha nova aparencia aos mobles, senón tamén mellorar a comodidade e a durabilidade destes, usando os mellores materiais do mercado. Ademais, tamén ofrecen produtos de calidade para ter o mellor moble,

como tecidos antimanchas, anti-ácidos, antivírus e antibacterias. Con respecto aos produtos, temos cabeceiros, butacas, *rinconeras*, sofás, *chaise long*, y auxiliares e complementos.

Como é o proceso de compra e entrega?

Un cliente vén a Tapisa e cóntanos o que busca, xa sexa renovar un espazo cun novo sofá ou darlle unha segunda vida a un moble e nós escoitamos. Logo, axendamos unha sesión de asesoramento sen custo para explorar materiais, estilos e discutir as ideas do cliente cun experto co fin de entender as necesidades e ofrecerlle as mellores opcións personalizadas. Con iso, presentamos un deseño inicial e un presuposto detallado, así como esquemas visuais, mostras materiais e todos os custos e tempos de entrega. Cando o cliente aproba o deseño e o presuposto, comeza a creación do sofá a través da confección dos nosos artesáns, que utilizan técnicas tradicionais combinadas con innovacións modernas para asegurar a calidade e a durabilidade. Ao longo do proceso, o cliente recibe actualizacións e fotos, para que estea informado do proceso do seu proxecto. Despois, cando o sofá está listo, desde Tapisa poñémonos en contacto co cliente para concertar o día da entrega para que a entrega e a instalación sexa o máis conveniente para o cliente, encargándonos do transporte e da instalación do sofá no espazo



elixido da casa. Así, realizamos unha inspección final para asegurarnos de que todo estea perfecto. Ademais, despois de probar o sofá, estamos en contacto directo co cliente para asegurarnos de que está completamente satisfeito. Este seguimento posventa é parte do noso compromiso co cliente e coa calidade do traballo.

Cales son as características que destacan de Tapisa?

En Tapisa destaca a personalización, a calidade e a satisfacción do cliente, xa que entendemos que cada persoa é única e cada proxecto que emprendemos é unha nova oportunidade para superar as expectativas. Por iso, seleccionamos de forma coidadosa os materiais e prestamos atención a todos os detalles ata o acabado. Ademais, ofrecemos un asesoramento experto no que explicamos a nosa calidade artesanal, os materiais de primeira calidade, ofrecemos medicións e consultas gratuítas e estamos en continuo contacto co cliente.

É necesario un sitio como este en Sarria?

Os tapiceiros creo que son necesarios en todas partes, sempre hai pezas que poden ter unha se-

gunda vida, se ti tes unhas boas cadeiras e están moi usadas, con cambiar os recheos e o tecido podes seguir usándoas, por poñer un exemplo.

Como é competir nun sector tan amplo como este?

A competencia é cada día máis voraz, xa que outros traen sofás doutros países nos que os custos son moitísimo máis baixos e aquí é imposible competir con eles. A única maneira de competir é traballar dunha forma moi personalizada, todo a medida e dando un trato moi personalizado. Traballamos moito con cita previa e así o cliente ten asegurado un trato e unha dedicación plena ao seu proxecto.

Cales son as necesidades e problemas do sector?

O gran problema no noso sector é algo moi común noutros: o relevo xeracional, que non hai xente nova que se anime a aprender un oficio.

Onde se atopa Tapisa?

Tapisa atópase na estrada Comarcal 546, km 21-Polígono de Balmal en Sarria e abrimos de luns a venres de 10.00 a 13.00 horas e de 16.30 a 20.00 horas. Os sábados atendemos a clientes con cita previa e os domingos, pechamos.





AEROTERMIA

SUELO RADIANTE

BIOMASA


INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

FONTANERÍA Y GAS

VILAR VALCARCEL S.L.



C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com



Os populares de Sarria presentan os integrantes do seu equipo

A presidenta da xestora do Partido Popular de Sarria, Carmen José López, presentou ao seu equipo, que terá como obxectivos fortalecer e dinamizar o partido e seguir a traballar no ben dos veciños e veciñas.

Ao acto, celebrado onte durante o transcurso do tradicional Magosto organizado polos populares, acudiron a presidenta provincial, Elena Candia, o secretario xeral provincial, Javier Nodal, e o deputado no Congreso, Jaime de Olano.

A xestora está integrada por 18 membros, ademais da propia Carmen José López, que son Ricardo Arias, Rocío Camino, Raquel Fernández, José Manuel Fernández, Diana García, Tania Lareo, Eduardo López, Esperanza López, Marcos López, Luís Mato, María José Melle, Martín Páramo, Vanesa Pontón, Jesús Rodríguez, Aitana Sánchez, Manuel Tourón, Jesús Valcárcel, Marcos Vaiña; persoas que fan a súa primeira incursión a nivel organizativo no partido e outras que formaron parte da lista municipal ou de anteriores comités locais, e na que están incluídos todos os concelleiros.



“Trátase dun equipo aberto ao que esperamos que se poida ir sumando máis xente xa que queremos contar con todo o potencial que temos entre os nosos afiliados a través de comisións e grupos de traballo, fortalecemento da rede territorial nas distintas parroquias e núcleos e intensificación da actividade do partido durante as distintas épocas do ano independentemente de que haxa ou non citas electorais”, sinala a presidenta da xestora do PP de Sarria, Carmen José López.

A presidenta provincial do PP, Elena Candia, destacou “a celebración destes encontros de confraternidade” e convidou a todos a

traballar en beneficio de Sarria e os sarriáns porque “xuntos somos máis fortes”.

A popular sarriá aproveitou para facer balance do traballo realizado dende o Grupo Municipal nestes primeiros 18 meses de lexislatura, nos que levou a cabo unha labor fiscalizadora pero, tamén, unha labor propositiva con 28 propostas a través das mocións que levamos para, entre outras, mellorar dotacións e comunicacións no rural, os espazos públicos, a imaxe do municipio, da vila, do funcionamento do Concello ou para intentar facer avanzar cousas que levan moitos anos enquistadas en Sarria.

Crearte promoveu unha limpeza no río Sarria



A Asociación Cultural Crearte promoveu unha xornada de limpeza do tramo urbano do río Sarria na que participaron 10 voluntarios e voluntarias de todas as idades.

Durante a iniciativa, conseguiron recoller 60 kg de lixo formado por plásticos, vidros, bolsas e botellas nas ribeiras do leito do río, arredor do parque do Chanto e a illa que se atopa á altura da rúa Ameneirizas. Esta actividade formou parte das actividades que se organizan no marco da campaña Mollate polos Ríos que organiza o Proxecto Ríos de ADEGA, na

que adoita participar a asociación Crearte e noutras ocasións tamén a Plataforma Sarriana polo Río.

Desde a Asociación pensan en levar a cabo máis destas iniciativas, facendo dúas ou tres ao ano, así como ampliar os lugares onde levar a cabo estas limpeza. Así, xa pensan en levar a cabo outra, neste caso pola zona de Manán.

Grazas a este tipo de iniciativas, a veciñanza de Sarria pode desfrutar dun espazo máis limpo e coidado preto do río Sarria que pasa pola vila, así como tamén é bo para o turismo.



PRÓXIMA APERTURA



GESTIÓN INMOBILIARIA

¡Tu nueva consultoría inmobiliaria digital en Sarria!

Venta especializada en internet y redes sociales

Promoción de propiedades en el extranjero

¿Tienes un proyecto? Deja que te asesoremos

Gestión con atención personalizada

Tel.: 673 142 197 / info@gtinmobiliaria.com

O IES Xograr Afonso Gómez celebrou a I Semana da Música



O alumnado do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria celebrou a primeira semana da música a través do Departamento de Música, durante este mércores, xoves e venres na biblioteca.

“O noso alumnado atesoura un enorme talento que queremos aproveitar e poñer en valor, polo que poñemos en marcha a 1ª Semana da Música que permitirá a alumnado e docentes gozar da arte por excelencia do corazón”, explican desde o centro educativo.

Desta maneira, o mércores, 27 de novembro, interpretaron Solitude, de Duke Ellington; Subway, de Karen Street; Groovy kind of love, de Toni Wine/carole Sager; La vereda de la puerta de atrás, de Extremoduro; e Sonatine, de J.H. Descamps.

Pola súa parte, o xoves, 28 de novembro, o alumnado interpretou Mamma mia!, de ABBA, cunha adaptación para o grupo de frautas; e tocarán Divertimento II K.V.A. 229; de Mozart.

Finalmente, o venres 29 de novembro, interpretaron Nuvole Bianchi, de Ludovico Eunadi;

Sonatina, de Muzio Clementi; e London Trio nº1, de Joseph Haydn.

INVESTIGADORES SEN VANDALISMO. O centro educativo foi un dos dez centros galegos seleccionados este curso para participar no programa ‘Investigadores Sen vandalismo’ da Fundación Barrié. Así, un grupo de alumnos e alumnas de 1º ESO realizou a segunda das seis sesións que compoñen este programa, que se realiza con expertos. Por isto, membros do Centro de Intervención Educativa en Medio Abierto (CIEMA) de Lugo e Javier Da Silva, da Asociación para a Prevención e a Educación Social (APES) de Ourense, estiveron no IES. Na sesión, o alumnado descubriu aspectos moi interesantes sobre as dimensións do vandalismo e as implicacións legais que conlevan para os novos actos incívicos.

Con todo, ao longo deste curso o alumnado terá a posibilidade de deseñar unha acción social para loitar contra o vandalismo urbano na súa vila.

A Banda de Música Comarca de Sarria celebrou o seu ‘Aniversario’

A Banda de Música da Comarca de Sarria organizou un concerto para celebrar o primeiro ano da súa existencia o vindeiro 16 de novembro na Igrexa da Nosa Señora do Rosario baixo o título de ‘Aniversario’, no cal se fixo un breve percorrido musical do que foi esta primeira tempada. Son pezas que formaron parte do núcleo central do repertorio da banda e dos distintos eventos, como foron o I Festival de Bandas Comarca de Sarria, a participación no ciclo de concertos Música no Camiño en Santiago de Compostela ou a Noite Meiga. Ademais, incluíuse unha nova proposta, así como un paso dobre para solistas co talento de dous dos compoñentes máis novos. Con todo, desde a Banda da Comarca de Sarria aproveitaron para facer unha homenaxe a toda a xente de Valencia, que está a pasar un momento especialmente duro pola devastación da DINA.



O TRABALLO NO ANO. “Foron doce meses de intenso traballo, pero tamén de profunda satisfacción por poder levar a cabo aquela utopía coa que arrancamos: contribuir significativamente á riqueza musical da comarca, destacando e revitalizando o talento local e promovendo a súa visibilidade alén dos sete concellos”, sosteñen desde a Banda. Así, din que “queda moito por facer, pero xa podemos dicir que neste

primeiro ano fomos quen de artellar quince concertos e proxectos que tiñamos moitas ganas de facer realidade”. Este concerto supón o comezo da segunda tempada da agrupación. “Unha tempada que xa estamos a preparar e que suporá un dobre reto: asentar os proxectos iniciados e darlles continuidade, e sacar adiante os que quedaron no tinteiro. A idea é moi simple: tocar máis e mellor”.

A Guía Micolóxica básica da provincia de Lugo foi presentada en Sarria

A Sociedade Micolóxica Lucus, a Asociación A Muiñeira de Sarria e o Concello de Sarria organizaron a presentación da segunda edición da Guía Micolóxica básica da provincia de Lugo.

A Casa da Cultura de Sarria acolleu o acto, que os organizadores valoraron como “moi positivo”, xa que houbo “máis de 30 persoas interesadas nesta guía” e incluso “se achegaron a que llela firmáramos”. Durante a presentación, estiveron presentes Julián Alonso e José Cas-



tro, presidente e directivo da Sociedade Micolóxica Lucus.

A guía naceu no contexto dun

proxecto da Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación de Lugo e está editada por Julián Alonso, José Castro, María Cristina García-Echave e Antonio Rigueiro. Esta é unha guía que básica que serve para alguén que se quere iniciar no mundo da micología, pero é á vez rigorosa e relacionada cos aspectos básicos do mundo da micología e dos fungos. Así, integra as especies máis representativas dos hábitats da provincia e permite ser manexable, é como unha guía de campo.

Ao editarse no marco da Universidade e da Deputación de Lugo, entregábase nos actos organizados por estas entidades, pero non estaba permitida a súa distribución e venda, polo que desde a Sociedade Micolóxica Lucus decidiron sacar unha segunda edición cuxa propiedade é da propia entidade, o que permite ser distribuída e vendida para que poida dispoñer dela calquera persoa interesada da sociedade.

CARPINTERIA METÁLICA



NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

• PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
• ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
• ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

VIMETAL

TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camiño Francés 43, 27600 Sarria - Lugo
Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

CARPINTERÍA METÁLICA



- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

O Concello de Sarria sumouse ás reivindicacións polo 25N

A vila de Sarria conmemorou o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres con diferentes actividades, destacando a lectura do manifesto o propio 25N a cargo da concelleira de Igualdade, Isabel Vergara. Baixo o lema 'Voa alto, voa libre', desde o Goberno local sarriao mostran como símbolo o papel das mulleres "que queremos na sociedade actual", e que presidirá os actos de conmemoración do 25N. "Reafirmamos o noso compromiso coa loita contra todas as formas de violencia machista, chamando á implicación de toda a sociedade para acadar unha igualdade real. En Sarria, as mulleres voan libres, voan alto! Sigamos traballando xuntas e xuntos para que este voo sexa cada vez máis alto e máis firme! Por unha Sarria libre de violencia, por un futuro en igualdade! Porque a igualdade comeza en min e en cada un de nós, en cada



unha das persoas aquí presentes, diariamente, a través de distintas actitudes ou accións exemplares na nosa contorna máis próxima", clamou a concelleira. Ademais, organizáronse actividades destinadas ao alumnado, como o 'Obradoiro de Arte colaborativa' coa colaboración do club de lectura e destinado a todo o público en xeral. Ademais, impartíuse unha charla informativa sobre agresións sexuais e violencia sexual a cargo de María

Angélica Mercado Torres, mestra especializada en xénero e igualdade, e dirixida ao alumnado dos IES do Concello de Sarria. Esta abordou a prevención das agresións sexuais e a violencia sexual entre a mocidade, e reflexionouse sobre o bo trato nas primeiras relacións, a identificación das tipoloxías de violencias sexuais, como evitar ditas agresións, incidindo na importancia dunha educación afectivo-sexual alternativa á pornografía.

A Banda de Música de Sarria organizou o concerto de Santa Cecilia



A Banda de Música de Sarria protagonizou o Concerto de Santa Cecilia, do 23 de novembro, na Igrexa do Rosario en Sarria a partir das 20.00 horas. Ademais da Banda de Música de Sarria, tamén actuou a Coral Polifónica do Concello de Sarria, amenizando a xornada para todas as persoas participantes.

Desde a Banda deron as grazas ao Concello de Sarria, á Igrexa do Rosario e ao párroco, así como a Vero, Carmen, Maia, Azul e Fernando "por colaborar con nós e volver dar vida a través do teatro a Chaplin". Agradeceron tamén a Coral Polifónica Concello de Sarria pola súa gran actuación e a todo o público que lles acompañou.



PIZZERIA PAPPARAZZI
100% ITALIANI
¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza individual

Martes
Familias de Jamón y Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Balaz Sarria
Tfno.: 982 012 026

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabar cubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

TAPERIA J | JATO

Raciones a medida
Comidas por encargo

COMIDA PARA LLEVAR

AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528



COMARCA

O BNG pide ampliar a moratoria das plantacións de eucalipto



O Bloque Nacionalista Galego presentará unha moción no pleno do Parlamento galego para solicitar a ampliación da moratoria das plantacións de eucalipto, actualmente vixente ata 2025, propoñendo que esta se estenda ata o 2030.

Esta decisión foi anunciada pola deputada Montserrat Valcárcel tras reunirse con representantes do Sindicato Labrego Galego, a Federación Rural Galega (FRUGA) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). A deputada considera que esta ampliación é unha medida esencial para frear o impacto ambiental e social do monocultivo de eucalipto, que na actualidade ocupa máis de 413.000 hectáreas, superando amplamente o límite de 245.000 hectáreas establecido polo Plan Forestal Galego de 1992. Segundo Valcárcel, esta acción debe ser a "gran panca de cambio" cara a unha nova política forestal que promova un uso multifuncional do monte galego e fomente unha industria forestal sostible, diversificada e respectuosa coa biodiversidade e os recursos naturais.

Montserrat Valcárcel advertiu das consecuencias ambientais derivadas da expansión descontrolada do eucalipto, como a degradación do solo, o incremento do risco de incendios forestais e a perda de biodiversidade. "A presenza desta especie en Galicia representa máis do 54 % do total estatal e case o 28 % do conxunto europeo, superando incluso a extensión de países tradicionalmente produtores como Chile, Uruguai ou Nova Zelandia", explicou.

A moción do BNG tamén incluírá a implantación de medidas complementarias, como a redución progresiva das plantacións ilegais en zonas de especial protección e a reconversión de terreos forestais para usos máis sostibles e produtivos. Valcárcel subliñou a importancia de actuar con celeridade para evitar un novo "efecto chamada", como o rexistrado en 2021, cando se multiplicaron as plantacións ilegais ante o anuncio da moratoria. Reivindicou "a necesidade de que a Xunta de Galicia lidere este cambio forestal, contando co apoio das asociacións de produtores, a industria e a sociedade".

O Gran Camiño 2025 regresará á provincia de Lugo

Lugo vai ser o escenario da etapa máis montañosa de O Gran Camiño 2025. Así o confirmaron esta mañá Ezequiel Mosquera, director da carreira, e Efrén Castro, vicepresidente da Deputación de Lugo, durante o acto de formalización do apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo á proba ciclista, que este ano contará con cinco etapas – unha por provincia e outra en Portugal.

O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, presentou a etapa raíña, que se desenvolverá entre A Pobra do Brollón e Pedrafita do Cebreiro. "Levabamos tempo falando desta opción porque temos unha alta montaña dura e preciosa para o espectáculo. Polas datas sempre tiñamos dúbidas, pola posibilidade de que a neve puidese condicionar o desenvolvemento da etapa. Desta volta, a organización optou por intentalo, dispoñendo de antemán alternativas para reaccionar no caso de que a meteoroloxía non sexa fa-



vorable". O clima é difícil de prever, pero a organización ten previsto de antemán alternativas para reaccionar no caso de que a meteoroloxía non sexa favorable".

O director da carreira Ezequiel Mosquera apuntou que "vai ser unha etapa grata de ver e con puntos icónicos de Galicia que temos que ensinar porque este proxecto supón promoción do territorio" lembrou Mosquera.

Unha contrarrelaxo individual en Sa-

rria na primeira edición, unha etapa entre Lugo e Sarria (con paso polos concellos de Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada, O Saviñao, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Bóveda, o Incio e Samos), na segunda, e un itinerario pola Ribeira Sacra Lucense (Taboada, Monterroso, Palas de Rei, Guntín, Portomarín, Paradelá, O Saviñao e Chantada), na terceira edición completará o mapa lucense do Gran Camiño.

A Deputación aproba o orzamento do Consorcio de Bombeiros

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu o Pleno desta entidade no que se aprobou un Orzamento de preto de 7,6 millóns de euros para o ano 2025, que se incrementa así un máis dun 30% con respecto ao 2024. A Deputación

achega o 50 % deste presuposto. Estes orzamentos garanten o funcionamento dos seis parques do Consorcio, Monforte, Chantada, Sarria, Barreiros, Vilalba e Viveiro, que contan con 20 efectivos cada un. Dos 7.599.948,12 euros que contempla o orzamento do 2025, un total de 4,8 millóns están destinados a facer fronte aos salarios dos traba-

lladores e traballadoras, máis 1,1 millón a gastos correntes, preto de 1,6 millóns ao fondo de continxencia e outros imprevistos, e 9.000 euros a investimentos.

Polo que respecta aos ingresos, proveñen das achegas da Deputación e da Xunta de Galicia a partes iguais e de Unespa (Asociación Empresarial del Seguro).

PERMUY GESTIÓN
CORREDURÍA DE SEGUROS

¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de diciembre!
Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677

José Tomé e Patricia Otero formarán parte do Comité Federal

O Partido Socialista na provincia de Lugo sae reforzado do 41 Congreso Federal do PSOE celebrado en Sevilla coa elección do secretario Xeral dos socialistas de Lugo, presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte, José Tomé Roca, e da deputada no Congreso dos Deputados por Lugo, Patricia Otero, para formar parte do Comité Federal e do senador por Lugo, César Mogo Zaro, na Executiva Federal do PSOE como secretario do PSOE Exterior. José Tomé expresou a súa satisfacción porque os lucenses entren a formar parte da primeira liña da dirección do partido, a onde trasladarán "as necesidades e propostas para seguir avanzando no desenvolvemento das potencialidades da nosa provincia, achegar e mellorar os servizos públicos aos veciños e veciñas, crear emprego, impulsar o rural e fixar poboación".

O presidente da Deputación fixo



unha valoración moi positiva do proceso congresual no que Pedro Sánchez renovou a Secretaría Xeral, unha cita na que "o partido demostrou fortaleza e unidade en torno ao proxecto liderado polo Presidente do Goberno". "Para nós é unha moi boa noticia que deste Congreso se conseguira o compromiso de afrontar o financiamento local, que para nós é moi importante", afirmou. Así mesmo, nese sentido, puxo de

manifesto a moi activa participación que está tendo a delegación lucense neste proceso congresual.

Pola súa parte, o presidente do Goberno e secretario xeral do PSOE, Pedro Sánchez, durante este encontro, anunciou que o Executivo creará unha gran empresa pública de vivenda para a construción e xestión destas vivendas desde a Administración Xeral do Estado.

O Clúster da Lousa premia a nove concellos como pioneiros



O Clúster da Lousa de Galicia celebrou a súa primeira edición do Premio Pioneiros da Lousa, un recoñecemento que, segundo o seu presidente, Víctor Cobo, busca "preservar na memoria das xeracións actuais e futuras o esforzo de todas aquelas persoas que iniciaron a súa actividade con medios rudimentarios, logrando converter este sector nun dos motores económicos de Galicia".

O acto tivo lugar nas instalacións do Complexo Hostaleiro Paladium de Vilamartín de Valdeorras, contando con máis de 180 asistentes. Nesta ocasión inaugural, o galardón foi concedido a once concellos con maior tradición louseira, en recoñecemento á súa contribución esencial para o desenvolvemento do sector. Segundo afirmou Cobo, estes municipios fixeron "unha aposta firme" polo sector e, sen o seu apoio e diálogo, sería "moi complicado levar a cabo a actividade".

Os galardoados foron os concellos de Ortigueira, A Fonsagrada, Mondoñedo, A Pastoriza, Lourenzá, Samos, Pol, Quiroga, Folgoso do Courel, Vilamartín e Carballeda de Valdeorras. Cada un recibiu unha figura dun labrego en lousa,

deseñada polo escultor Alejandro Álvarez e entregada por representantes de distintos ámbitos, como a cultura, a educación, o deporte, a empresa e a viticultura local.

Previamente á entrega dos galardóns, 91 empresarios e 19 colocadores recibiron un diploma que os acredita como auténticos "Pioneiros da Lousa". Foi un momento cargado de emoción, que reuniu máis de 100 participantes, incluíndo os propios homenaxeados e os seus familiares.

Durante o acto, a alcaldesa de Carballeda de Valdeorras, María Carmen González, quen tomou a palabra en representación dos concellos premiados, subliñou a importancia de "motivar ás novas xeracións para que aposten polo sector da lousa, garantindo así a súa continuidade e fortalecemento no futuro".

Tamén interviron o subdelegado do Goberno en Ourense, Eladio Santos, e o director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, ambos coincidiron en destacar a enorme calidade da lousa galega, cualificada como "única no mundo", e amosaron confianza no futuro dun sector fundamental para Galicia.

Nove gandaría de Lugo, tres da comarca, gañan os premios Exceleite

Celebrouse a entrega dos VIII Premios á Excelencia Hixiénico-Sanitaria das Explotacións Leiteiras de Leite Cru de Vaca (Exceleite 2024).

Neste evento, a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, puxo en valor estes galardóns, cos que se recoñece o compromiso dos produtores coa calidade do xeito máis sustentable, así como o seu rigoroso respecto polo benestar animal, sempre procurando a excelencia na súa actividade. Trátase tamén -incidiu a

conselleira- de recompensar toda a entrega e sacrificio destes profesionais. A titular de Medio Rural reiterou o apoio da Xunta a este sector estratéxico do rural galego, que se plasma mediante a planificación, a promoción, a protección, a formación, o fomento da remuda xeracional ou a mobilización de terras, entre outras actuacións.

No caso da comarca de Sarria, foron recoñecidas a gandería intensiva de mediano tamaño de Teresa Fer-

nández López, de Sarria; a gandería intensiva de gran tamaño Casa Martiño, S.C. de Sarria; e a gandería semintensiva de gran tamaño Queiroga, S.C. no Páramo.

En materia de promoción, a conselleira puxo en valor os oito millóns de euros que o seu departamento destinará o vindeiro ano para divulgar a excelencia dos produtos agroalimentarios da nosa comunidade, entre eles, de xeito destacado, o leite galego e os seus derivados.



OSCAR
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES



Alquiler de Vehículos en Sarria

200 KM
INCLUIDOS AL
DÍA Y SEGURO

VEHÍCULOS INDUSTRIALES



DESDE **36€** /DÍA

TURISMOS



DESDE **30€** /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS



DESDE **90€** /DÍA

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

“Queremos dignificar a nosa vida, facernos valer”

Falamos con Mari Armesto, presidenta da Sociedade Cultural e Deportiva da parroquia de Laiosa, que promove o asociacionismo e a cultura

Cando e como xorde a asociación?

A asociación xorde hai máis de 40 anos, nos anos 80, na que un grupo de veciños decidiron poñer en marcha esta agrupación, que eu mamei desde pequena, xa que a miña nai tamén formou parte dela. Aquela era outra época na que Laiosa tiña máis habitantes e a xuventude era un pilar fundamental para fomentar un lugar de encontro e activación. Antes, a cousa era máis natural porque a xuventude estaba toda xunta, mentres que agora manter a asociación require un esforzo. Antes a mocidade involucrábase dunha forma activa porque era parte do seu ocio, agora os que estamos á fronte de calquera

ganizar un magosto, que parece algo sinxelo, temos que utilizar as nosas vacacións. Hai que buscar tempo libre para dedicarlle á parte de comunidade e é sacrificado porque a nivel institucional tampouco se fomenta a dignidade das aldeas nin se nos facilita nada, polo que temos que ser nós quen tire do carro. Por outra banda, a parte máis difícil é combater a resignación que xa está instaurada no sentir da xente de que eles non o merecen. Dinnos que “como somos poucos, para que facelo”. A parte cultural está no desleixo, non se considera un servizo que hai que potenciar, e para nos é o eixo fundamental da vida. Agora, hai comodidades no

mos illados... Ademais, perdeuse o costume de facer festas despois dos traballos, co que se perdeu a afectividade, a confianza... Hai residencias para maiores, pero o que se respira non é un ambiente vital, non hai esa enerxía. Entón, cando organizamos algo, é unha actividade senlleiras e orixinal, é un revulsivo para moitas semanas.

Que actividades organizan?

Facemos dúas xuntanzas anuais, a do magosto, que sempre o convertimos nunha proposta cultural e participativa con actuacións dos propios veciños para afianzar as relacións; e no verán sempre facemos a cea de socios, na que participa moita xente que vén de vacacións de distintos lugares, e moitas veces está acompañada de actividade lúdica ou ocio. Ademais, ao longo do ano, dependendo de como sexan as nosas vidas, organizamos outras actividades, como cursos, excursións, xornadas sobre etnografía, memoria... Parece que facemos actividades puntuais, pero somos moi da parte performativa, facemos o que nos gusta, somos flexibles e imos vendo o que nos apetece facer. Pretendemos ir fluíndo e iso é ser corresponsables co que facemos. Ás veces programamos algo e dependendo da participación da xente, cambiamos. É traballar coa xente sen impoñer.

Cantos socios teñen?

Actualmente, a asociación conta con máis de 100 persoas de Laiosa, das parroquias veciñas, de fóra... Hai xente que veu a algunha actividade



e quedou tan sorprendida que se uniu porque vén e respira isto e párecelle impresionante. Non facemos unha cultura de consumo, o máis importante é o vínculo e intentar crear patrimonio vivo.

Cales son os valores da asociación?

Dignificar a nosa vida, que somos importantes; facemos valer porque parece que o temos que berrar, que non se dá por feito. Non somos un núcleo histórico arquitectónico, artístico... pero temos un patrimonio social, vivo, necesitamos respirar cultura, esa parte comunitaria que cura parte das enfermidades mentais que se sofren no rural. Non estamos no mapa de Galicia como unha zona das zonas punteiras e destacadas e estamos abandonados polas institucións. Este sentir que temos é o mesmo en todas as asociacións do rural que intentan traballar pola xente. Non se nos pon en valor á xente que traballamos polo ben común das aldeas.

Teñen colaboración doutras entidades?

Puntualmente pedimos cousiñas ao Concello do Incio ou a Deputación de Lugo para pagar unha xornada ou unha actuación, porque non temos presuposto e facemos enxeñería inventiva para conseguir recursos. Pero a carencia é que non hai un acompañamento directo; as

propias institucións non cren neste tipo de vida, van facendo algunha cousa, pero non hai unha vontade política por que esta parte asociativa estea apoiada, non lles parece importante. Aquí non é mandar uns gaiteros, é estar coa xente. Parecen tontadas, pero o labor das asociacións do sur de Lugo é similar e é unha problemática fonda.

Cales son os proxectos de futuro?

Como proxecto de futuro, seguir como ata agora. Estamos moi comprometidas, imos seguir facendo as dúas xuntanzas anuais e outras actividades, e queremos combater esta parte negativa. Temos ideas moi potentes que se presentaron ás institucións pero non fan caso, só necesitamos acompañamento e sensibilidade política, e é urxente. Vai ser complicado o relevo xeracional, porque os máis novos xa estamos á fronte, pero estaremos aquí para dignificar a nosa vida e que a cultura é un eixo fundamental, como o comer. Necesitamos xente que escoite á veciñanza e que intente facer cousas, que nos escoite como voluntarios do rural, xa que somos os intermediarios entre a veciñanza e as institucións. Temos moitas e boas ideas, pero ás veces non conseguimos lograr todo o que nos propoñemos por falta de apoio.



asociación facemos voluntariado e é un compromiso para non deixarllo esmorecer, é unha obriga. Ademais, cada un estamos nun sitio e os traballos de agora son diferentes.

A evolución foi cara a peor?

Si, en certo modo, porque para or-

rural, pero perdeuse o sentido de estar aquí. Somos combatentes coa idea de romantizar as aldeas, hai cousas que son inigualables aquí, pero tamén sabemos como é vivir aquí e o que padecemos, sen servizos, sen programación cultural, esta-

C-27-000501



YTÚ
¿CÓMO
HABLAS?

TRASTORNOS

• MIOFUNCIONALES

• AUDICIÓN

• LENGUAJE ORAL Y ESCRITO

• HABLA

• VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_marll@hotmail.com



A artista Carme López presenta o seu primeiro disco 'Vinde todas'

Carme López ofreceu un concerto de presentación do primeiro disco de Carmela, o proxecto musical da intérprete e investigadora da música de tradición oral Carme López, editado co título 'Vinde todas' na Capela de Santa María de Lugo.

A intérprete do Incio estrea o disco, cun repertorio baseado na recollida de música de tradición oral galega e peninsular a través de procesos de campo directos e en arquivos públicos e privados, acompañado por artistas convidadas: Begoña Riobó, Laura Lamontagne, a Escola de Baile de Cantigas e Flores e as Pandereteiras de Toutón.

Carmela é un proxecto musical que basea o seu repertorio na música de tradición oral galega, a través do canto e a percusión de man como elementos definitorios. Iniciando o traballo dende informantes e arquivos musicais, o obxectivo do proxecto é trasladar aos palcos a esencia destas melodías acompañadas dunha visión propia e actual, empregando non só criterios estéticos, senón outros vinculados coa análise musical e de contexto da música coa que se traballa, un achegamento que suma a investigación etnomusicolóxica coa interpretación e arranxo musical. Carmela utiliza a tradición como un ente flexible e moldeable que se adapta ao contexto musical actual a través de sons que viaxan dende as percusións ata referencias electrónicas. Un proxecto diferente no seu discurso tanto musical coma extramusical que posiciona a tradición oral e a perspectiva de xénero no centro.

O disco 'Vinde todas' reflexiona sobre a necesidade de visibilización das informantes a través da propia música e outros conceptos que a abrazan. O inicio e peche do disco recollen as



conversas e cantos en Moscoso e Toutón, respectivamente, reflexo da importancia do discurso para comprender a música. Cada unha das cancións do disco leva como título principal o nome da ou das mulleres a través das que se coñeceu a melodía arranxada.

Entre as colaboracións do disco destacan a das Pandereteiras de Toutón (informantes en activo) e as Titiriteiras da ACF Tarambainas (mostra dainterxeneracionalidade da música de tradición oral galega). Tamén se mestura o arranxo e interpretación musical coa investigación e análise etnomusicolóxica, escollendo timbres e harmonías a través da comprensión dos usos e funcións mixéneas das melodías.

CARME LÓPEZ. A artista do Incio comezou a súa traxectoria musical na Escola Municipal de Sarria, tocando a gaita e logo pasou a formar parte da

Asociación Cultural Peleriños, onde aprendeu a cantar e tocar a pandeireta. Despois, decidiu facer o grao profesional de conservatorio en Vilalba, compaxinando os estudos de 4º da ESO e logo en Bacharelato. Despois, seguiu mentres estudaba Educación Primaria en Santiago e en Lugo. Finalmente, rematou en Vilalba o grao profesional e fixo o grao de acceso superior, que equivale a grao universitario, coa especialidade en instrumentos de tradición popular de Galicia en Vigo, á vez que remataba a carreira de Primaria en Santiago. Unha vez rematado o grao, fixo un Máster en Investigación Musical e logo seguiu cun doutorado en Artes e Humanidades, elaborando unha tese sobre a Música Tradicional Galega, enfocada no repertorio vocal das mulleres do lugar de Liñares en Avión, Ourense. Actualmente, é mestra na USC e segue cos seus proxectos musicais e artísticos.

Os deputados do PP preguntaron en pleno pola Casona do Incio



Os deputados do Grupo Provincial Popular preguntaron sobre o que teñen pensado facer PSOE e BNG na Casona do Incio, unha propiedade de titularidade provincial que, como moitas outras, "atópase nun estado de total abandono, deteriorándose a pasos axigantados, en lugar de recuperala e poñela en valor para o uso dos lucenses". Dende o Grupo Provincial Popular recordan que no pleno de xullo de 2021 acordouse, por unanimidade

de de todos os grupos, recuperar este edificio situado no Concello de O Incio, e mentres no se realizaban as obras de mellora apuntalouse para garantir a súa estabilidade e a seguridade de calquera persoa que puidera pasar preto do inmoble.

Dese acordo plenario xa pasaron máis de tres anos "e vemos como a actuación do goberno provincial por recuperar este inmoble brilla pola súa ausencia".

Entregados os diplomas do obradoiro de emprego do Incio, Bóveda e A Pobra do Brollón

A xefa territorial na provincia de Lugo da Consellería de Emprego, Carmen José López, acompañou aos alcaldes do Incio, Bóveda e A Pobra do Brollón na clausura do obradoiro de emprego no que participaron 20 alumnos que veñen de rematar a súa formación.

Cada un dos e das participantes recibiu o seu diploma de profesionalidade por levar a cabo tra-

ballos durante doce meses, nos que a Xunta de Galicia investiu 532.546,20 euros.

O alumnado do obradoiro, cuxo promotor desta edición foi o Concello do Incio, recibiu ensinanzas en silvicultura e traballos de xardinería.

En concreto, ocupáronse da instalación e mantemento dos xardíns e zonas verdes dos tres concellos.



paradela

A ITV agrícola chegará ao municipio en xaneiro



Unha unidade móbil de supervisión e control da Inspección Técnica de Vehículos desprazarase ao municipio de Paradela do 21 ao 28 de xaneiro co fin de que a veciñanza poida realizar a inspección dos seus vehículos agrícolas. Desta maneira, estará instalada no mercado gandeiro en horario de 09.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas, agás os días 24 e

28, que só estará en horario de mañá.

Ademais de realizar a inspección de vehículos agrícolas, tamén se realizará a inspección de obras e servizos que a súa velocidade máxima por construción non supere os 40 km/h, a súa tara non supere (peso en baleiro) os 8.000 kg, nin exceda de 2.500 mm na súa anchura.

Ponse en marcha unha recollida de plásticos de silo e de invernadoiros

O Concello de Paradela pon en marcha a recollida de plásticos de silo e de invernadoiros para que os gandeiros poidan desfacerse dos seus plásticos sobranceiros ou xa usados nas súas explotacións.

Así, só se recollerán plásticos de silo ou invernadoiro e os plásticos deberán estar atados en fardos. Ademais, non poderán

levar restos de terra, herba ou calquera outra cousa, nin tampouco se poderán depositar rodas nin garrafas de plástico, só plásticos de silo.

O lugar onde os gandeiros depositarán os plásticos será na explanada do mercado gandeiro de Paradela os días 18 e 19 de decembro en horario de 9.00 a 14.00 horas.

o páramo

O Concello adhírese ao programa da Xunta 'Xantar na casa'

O Concello do Páramo adhírese ao programa Xantar na Casa, un recurso de comida a domicilio que garante unha alimentación saudable e equilibrada adaptada ás necesidades de maiores que viven sos, persoas dependentes ou en risco de exclusión social.

No marco da colaboración entre a Xunta de Galicia e Concello do Páramo, serán os servizos sociais municipais os que se encargarán de seleccionar aos beneficiarios do programa que recibirán no seus fogares o menú para os sete días das semana, festivos incluídos.

Pola súa banda, a Xunta financiará o 50 % do custo da comida, mentres que a outra metade correrá a cargo do concello e dos usuarios a partes iguais.

A comida repártese nos domici-



lios nunha única entrega, polo que os destinatarios só teñen que quentalos antes de consumila. Ademais, o programa facilita neveira e microondas no caso de que os fogares dos beneficiarios non dispoñan deles.

Na actualidade, o Xantar na Casa chega a 2.500 persoas e a 200

concellos de toda Galicia, repartíndose máis de 17.000 menús semanais.

Ademais, a Xunta tamén lle concedeu ao Goberno local do Páramo 23.800 euros con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental (FCA) deste ano para investir nun vehículo.

O Páramo está a organizar o seu I Mercadiño de Nadal

O Concello do Páramo está a organizar o seu I Mercadiño de Nadal, que terá lugar o vindeiro 21 de decembro. As persoas interesadas en reservar un posto para vender e así participar desta iniciativa poderán anotarse ata o vindeiro 15 de decembro. Poden presentarse para participar nos postos iniciativas de artesanía, alimentación, antigüidades... Pola súa parte, a



veciñanza que queira desfrutar desta actividade poderá ir en horario de 11.00 a 18.00 ho-

ras, cando se poderá desfrutar tamén de actividades para as familias.



ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha **comparativa de aforro** personalizada:

Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com



XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% galega. Cobre máis de 130 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**



Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza

Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 **PARADELA** / Telf.: **982 541 532**

Presentouse a guía turística da Comarca de Lugo

A Casa do Concello do Páramo acolleu a presentación da guía turística 'O Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa'.

A guía foi creada co obxectivo de promocionar os atractivos turísticos da rexión, incluíndo as súas paisaxes, patrimonio cultural, gastronomía e outras propostas de interese para visitantes.

Esta nova ferramenta pretende fortalecer o turismo na comarca, destacando os puntos máis relevantes de Lugo e as terras de Ulloa.

O BNG pide que se adianten os pagos da PAC ás explotacións

A deputada autonómica do BNG, Montse Valcárcel, acompañada polo tamén deputado autonómico, Nino Fernández, e a alcaldesa de Samos, Chus López, visitaron unha explotación de cabrún e ovino en Samos.

Desde o BNG informan de que as axudas da PAC están financiadas a través do Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga) e o Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e, logo da resolución de axudas presentadas, as comunidades autónomas poder realizar o pagamento anticipado entre o 16 de outubro e o 30 de novembro. E, segundo a normativa UE, este adianto da PAC pode chegar ao 70 % do total das axudas. Porén, a Xunta de Galicia anunciou que fará un pagamento adiantado do 26 %, “non sendo capaz de chegar ao que a UE lle permite” e ademais só aos de gando vacún; “esquecendo facer adianto a sectores que teñen a PAC e que tamén



necesitan estas axudas para as súas explotacións, como pode ser o sector ovino e o cabrún”, explica o deputado nacionalista.

O sector ovino e cabrún, din, “debe ser incluído nestes adiantos, pois para o noso país estes sectores son importantes para manter os montes limpos e para evitar incendios”, continúa explicando Nino. “Teñen tamén unha grande importancia para que non medre máis o abandono de terras agrarias, polo que a administración debería ser a pri-

meira interesada en que estes sectores teñan apoio e poidan levar adiante a súas actividades”. Con todo, conclúen que “amosamos o noso rexeitamento a esta actitude da Xunta de Galicia de abandono das explotacións ás que non se lles abone en prazo as súas axudas. Unha actitude que impide que poidan acceder aos seus cartos, a diferenza doutras comunidades, que si poñen á súa disposición o diñeiro das axudas que a UE lles permite”, concluíu Fernández.

O municipio xa conta con diversos puntos QR



O Concello de Samos vén de poñer en marcha unha iniciativa innovadora para explorar o municipio a través da tecnoloxía, coa que os visitantes poden mergullarse na historia e cultura de Samos mediante códigos QR situados en puntos de interese, unha campaña financiada pola Axencia de Turismo de Galicia. Así, os turistas poderán atopar códigos QR en lugares emblemáticos, lugares históricos, prazas e outros puntos de interese cultural e etnográfico e co escaneo destes

coa cámara de fotos do móbil, accederán a unha páxina web con información detallada sobre o sitio, como a historia do lugar, datos divertidos, horarios de apertura e fotos antigas.

Con esta iniciativa, ofrécese unha forma interactiva e moderna de explorar a vila, permitindo aos visitantes personalizar o seu percorrido segundo os seus intereses. Ademais, redúcese a necesidade de materiais impresos, contribuíndo a un turismo máis sostible.

Organizan outro obradoiro navideño para o 7 de decembro

O obradoiro de decoración de Nadal promovido polo Concello de Samos para o vindeiro 1 de decembro completou o seu aforo pola cantidade de persoas que se apuntaron, polo que organizarán outro tamén o vindeiro 7 de decembro.

A antiga biblioteca do municipio acollerá esta iniciativa de Nadal en horario de 17.00 a 19.30 horas, no que as persoas participantes, que deberán apuntarse no número 677 399 911, poderán desfrutar dunha tarde preparando guirnaldas, coroas para

decorar os exteriores das casas e outros elementos decorativos. As profesionais de floristería JeseAndMiciHome de Sarria serán as encargadas de guiar este obradoiro que terá un custo de 50 euros, xa que inclúe todo o material necesario.

Estará exposta a mostra ‘Á violencia de xénero dille... Non!’

O Concello de Samos acollerá a exposición itinerante da Xunta de Galicia baixo o nome de ‘Á violencia de xénero dille... Non!’. A actividade é organizada Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a violencia de xénero e no marco do acordo de Colaboración asinado entre o departamento e a Federación

galega de Municipios e Provincias de Galicia (FEGAMP) para a conformación dunha rede de entidades locais contra a violencia de xénero.

Por isto, Samos foi un dos concellos elixidos para acoller esta exposición dirixida á mocidade entre o vindeiro 3 e o 15 de xaneiro na antiga biblioteca do municipio.



TU CARDIÓLOGO EN SARRIA
ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA



Rebollal - Leal
CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Insuficiencia Cardíaca
- Arritmias
- Cardiopatías Congénitas

- Cardiopatías Familiares
- Prevención Cardiovascular
- Hipertensión Arterial
- Dolor torácico

Rúa da Liberdade 111, Entresuelo C. Sarria – Lugo / Tel. 634 406 084

triacastela

O alumnado do colexio sumouse ao 25N



Os nenos e nenas do CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela sumáronse ás actividades polo 25N e traballaron o Día Internacional contra a Violencia de Xénero a través de dúas producións audiovisuais.

Desta maneira, na primeira comprenderon de forma audiovisual o libro 'El chubasquero de Aurora',

mentres que na segunda viron o vídeo 'No es normal', cun carácter máis real e concienciador.

Coa visualización e posterior diálogo o alumnado achegouse á violencia de xénero e á dor das vítimas que a padecen, tanto física coma psicolóxica, establecendo ademais solucións para loitar contra ela.

Triacastela acolleu o proxecto de obradoiros de Ciencia á Feira



Triacastela acolleu o proxecto e ciclo de obradoiros Ciencia á Feira, que achegou aos veciños e veciñas a ciencia e a tecnoloxía. Durante a xornada, estivo presente a catedrática da USC Azuce-

na Mora, que vén de ser recoñecida co premio á mellor iniciativa de investigación no marco dos galardóns que outorga o Plan Nacional de Resistencia aos Antibióticos.

láncara

Apróbase o orzamento de 2025, que ascende a máis de 3 millóns

O Concello de Láncara aprobou o orzamento para o ano 2025, que ascende a 3.039.659 euros, un incremento de 321.000 euros con respecto ao presuposto deste ano.

Durante o pleno, o alcalde destacou a inversión que se prevé na zona de montaña, xa que o plan contempla 113.184 euros para un plan de mellora de estradas cun convenio coa Deputación de Lugo. Xa o deputado e concelleiro de Láncara, Rivera Capón, anunciara que a Deputación achegaría 110.000 euros para realizar melloras en varias estradas municipais e para adquirir un vehículo tipo SUV.

Concretamente, este investimento irá destinado ao acondicionamento de camiños municipais que dan acceso a lugares de montaña como



Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella, na parroquia de Santiago de Cedrón; e camiños de acceso a Bustelo, na parroquia de Vilouzán.

Por outro banda, o pleno tamén aumentou un incremento da taxa da recollida do lixo polo aumento do canon de Sogama, unha suba de 10 euros ao trimestre en xeral, pero de

15 euros para os grandes produtores. Finalmente, aprobouse instar de novo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a mellora do servizo de transporte metropolitano escolar e aprobouse que o rexedor sexa o representante do Concello no consello escolar do CPI Ramón Piñeiro.

O CPI Ramón Piñeiro celebra os seus 50 anos de ensino e convivencia

O CPI Ramón Piñeiro do Concello de Láncara, pero localizado na capitalidade da Pobra de San Xiao, celebra os seus 50 anos de ensino e convivencia o vindeiro 14 de decembro. Todas as persoas relacionadas co centro educativo poderán participar deste evento, que consistirá nun xantar de celebración que terá lugar no pavillón polifuncional da Pobra de San Xiao.

Durante este ano, o centro educativo conmemorou con diversas actividades estes 50 anos, como inauguración, polo concelleiro



de Educación, Román Rodríguez, dunha exposición con máis de 700 fotografías para facer un percorrido pola historia do centro. Tamén

figurou unha homenaxe ao que foi director do centro durante dúas décadas, Jaime Lago, quen desde maio dá o seu nome á biblioteca.



**Bo Nadal
e
próspero ano
2025**



Concello do Incio

DEPUTACIÓN

O Pleno aproba uns orzamentos que ascenden a 130 millóns

A Deputación aprobou no Pleno os Orzamentos do 2025 que, con máis de 130 millóns de euros, “reforzarán o proxecto de progreso social e económico”. Así o manifestou a deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, na sesión celebrada no Pazo de San Marcos, e na que subliñou que o presuposto sube un 12%, grazas aos fondos do Estado.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, valoraba antes da sesión provincial ante os medios de comunicación que “hoxe é un bo día para a provincia de Lugo”. “Un documento que nos permitirá seguir mellorando a provincia neses catro piares que sustentan a acción deste Goberno”, citando á mobilidade, a cooperación cos concellos, as políticas sociais e o apoio aos sectores produtivos.

Incidia a deputada en que o proxecto está “centrado en achegar os servizos públicos e en promover a actividade económica” e destacou que a Deputación de Lugo é unha Administración que cumpre, cunha execución do gasto que o ano pasado superou o 87%.

López Moreno valorou os orzamentos como “investidores, sociais e claramente expansivos”, porque sobe o capítulo destinado a investimentos reais en practicamente un 16%, ata os 19,14 millóns de euros; as transferencias correntes en preto dun 14%, ata os 17,8 millóns; e os fondos destinados ás políticas sociais volven supoñer preto dun terzo do Orzamento, subindo un 8% máis ata acadar os 41,2 millóns.

A Deputación dedica nos Orzamen-



tos do 2025 preto de 11 millóns de euros para os 9 centros de atención a maiores que hai en servizo - Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil - e continuar cos proxectos comprometidos noutros 9 concellos da provincia. Co compromiso do Presidente, José Tomé Roca, de abrir neste mandato as residencias de Becerreá, Guitiriz e A Pontenova.

O Servizo de Axuda no Fogar seguirá contando co financiamento da Deputación, que investirá 3,4 millóns para a súa prestación. Ademais a institución provincial manterá o servizo de teleasistencia domiciliaria. Así mesmo, o Goberno provincial inclúe 1,4 millóns a colaborar con diferentes asociacións que traballan contra a pobreza e a exclusión social para reforzar a rede de apoio que estes colectivos ofrecen ás persoas que máis o necesitan.

Polo que respecta ás políticas de emprego contarán con 4 millóns para favorecer a contratación e mellorar a empregabilidade a través da formación; educación, con preto de 3

millóns, tanto para o Centro de Formación Audiovisual da Deputación –o único público desta rama na provincia-, como para o apoio da Universidade pública os recursos para as políticas vinculadas coa igualdade; Deportes; Cultura e Artesanía e Deseño.

ESTRADAS. A mellora da mobilidade “é outro dos grandes piares dos Orzamentos”, explicou e por iso, detallou, a Deputación destinará ás estradas máis do 21% do total dos seus fondos, incrementando por riba dos 27 millóns de euros, tanto para obra nova, como para conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil, en estradas provinciais e municipais. Un incremento que supón un 42% máis respecto ao 2024, cando a institución provincial destinou a estradas 19,4 millóns.

Carmela López explicou que no 2019 as partidas da Deputación sumaban algo máis de 14 millóns, polo que en seis anos case se duplicaron os fondos. O Goberno da Deputación sube o Plan Deputación de cooperación cos Concellos ata os 22 millóns.



Pecha unha nova tempada do ‘Coñece a túa provincia’

Vén de pechar “con éxito” unha nova tempada do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia. Preto de 3.650 persoas de 150 asociacións participaron na cuarta edición desta iniciativa que se desenvolveu en dúas quendas. Entre os meses de setembro e outubro, un total de 1.648 persoas de 72 colectivos participaron nesta proposta turística dirixida a dinamizar a economía local e dar a coñecer o territorio xerando

un retorno económico de máis de 115.000 euros.

Na última semana catro entidades de Guitiriz, Foz, Taboada e Barreiros percorreron as comarcas da Ribeira Sacra, A Mariña e Sarria.

Unha tempada máis, o programa incluíu, de balde, o transporte para os traslados, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia.



FADEMGA. José Tomé Roca asinou un acordo de colaboración co presidente da Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento, Eladio Fernández Pérez, a través do cal a institución provincial realiza unha achega económica de 2.500 euros para colaborar co servizo de orientación laboral desta entidade.

VAMOS A CONSEGUIR TU MEJOR SONRISA

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



YA ESTAMOS ABIERTOS

¡PROMOCIÓN DE NAVIDAD!

Venga a que le realicemos una revisión bucal de **forma gratuita** y estaremos encantados de darle nuestra valoración.

CLÍNICA OBRADOIRO DENTAL

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

¡LES DESEAMOS FELICES FIESTAS!

DEPORTES

Celébrase o II Torneo de Nadal Fútbol Sala



O II Torneo de Nadal fútbol sala 2024 celebrárase os vindeiros 26, 27, 28 e 29 de decembro no pavillón José Mario González (O Chanto) coa colaboración do Concello de Sarria.

A organización da iniciativa, formada por Leandro Rodríguez López "Leo", Toni Saa González, Emilio Saa González, Roberto Saa González, Pedro Castro Leira "Monarca" e David Arias López "Chavea"; espera unha participación similar á do ano pasado, a primeira edición que se celebrou e na que participaron 25 equipos, aínda que por agora hai 18 apuntados e o prazo para apuntarse pecha o 18 de decembro. "Estamos moi contentos organizando este evento, que o ano pasado encheu o pavillón do Chanto, incluso durante os partidos que se xogaron de madrugada, o que indica que á xente gustoulle. Queremos, ademais, agradecer aos establecementos que colaboran con nós e ao Concello de Sarria porque, sen a súa axuda, este torneo non sería posible", sostén Leo, un dos organizadores.

OS PREMIOS. Así, haberá premios para o equipo campión, para o subcampión, para o 3º e

para o 4º clasificado, así como tamén haberá premios para o mellor porteiro e para o mellor xogador. Concretamente, o campión levará 1000 puntos e un trofeo, o segundo levará 500 puntos e un trofeo, mentres que o 3º e o 4º equipo clasificado levarán 120 puntos e un trofeo. Ademais, o mellor porteiro e o mellor xogador levarán un trofeo.

"Sarria respira fútbol sala, dá gusto ver que a xente participa nos torneos, tanto neste como no de San Xoán que recuperamos en 2016; e tamén é especial ver como se enche o pavillón durante os enfrontamentos nos que xoga o Club Os Meigallos F.S.", argumentou Leo.

O TORNEO DE SAN XOÁN. Este ano, o XXXIV Torneo Fútbol Sala San Xoán de Sarria 2024 celebrouse tamén no pavillón José Mario González do Chanto, no que participaron 25 equipos chegados de Quiroga, Monforte, e tamén de Sarria. Destes 25, o campión foi La Vieja Taberna, que conseguiu o primeiro premio de 1.500 euros; os segundos foron Alumisar, que recibiron 700 euros, mentres que os 3º foron Os Amigos e os 4º foron Bar Dickens, con 250 euros cada un.

A Sociedade Deportiva Sarriana continúa loitando polo liderado

O equipo sénior masculino da SD Sarriana, que compete en 3ª RFEF, está a facer unha "moi boa tempada", tal e como afirman desde a entidade, xa que foron liderando a táboa clasificatoria durante varias semanas. Agora, despois de perder contra o CF Noia e contra o RC Vialbés, baixaron ata o 5º posto da clasificación, pero sen perder o ánimo de seguir loitando por manterse nesta categoría e incluso poder chegar a xogar os *playoff* de ascenso a 2ª RFEF.

Ademais, a mediados de novembro, o club presentou aos integrantes dos 11 equipos da canteira, a



partir de prebenxamín, nun acto no que o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, gabou o papel da entidade no impulso ao deporte base na comarca, aglutinando a máis de 200 deportistas,

e destacou a colaboración que presta o Goberno galego aos clubs a través de axudas directas ou dos convenios coas Federacións, "co obxectivo de facilitar a práctica deportiva en todo o territorio".

A Escola de Taekwondo de Sarria segue sumando encontros deportivos

A Escola de Taekwondo de Sarria participou con 37 deportistas na Copa Xunta de Galicia 2024, que tivo lugar en Nigrán. Estes deportistas foron os que se clasificaron na fase provincial e, nesta ocasión, conseguiron un total de 20 medallas, destacando Mateo Fernández pola súa prata en competitiva. En amateur, Nicole Vilagines, Ignacio Vizcaíno, Cristian Galo, Aylen Pumarega, Dani Pan, Aaron González, Jose Riveiro e Fidel del Río conseguiron facerse cunha medalla de ouro.

Pola súa parte, Carla López, Juanjo López, Raquel Vilarin, Iria Gasamans, Samuel Maron, Marta Calvan, Miguel López, Martín Varela e Alma de Sousa acadaron a medalla de bronce; mentres que Carla Rodríguez e Arancha Riveiro conseguiron a de bronce.

Ademais, tamén competiron Laura Díaz, Naiara Muñoz, Ma-



teo Pontón, Sergio Castro, Alejandra Díaz, Lucas Treballe, Martín López, Christopher Marcano, Dani Rivas, Alba González, Inés Bergantiños, Carolina Bergantiños, Claudia Fernández, Gael Goyanes, Uriel Gutiérrez, Alexis Encinas, Cleopatra Celeiro e Carolina Bergantiños.

CAMPIONATO DO MUNDO. O profesional do Taekwondo, Álex Losada, promotor e adestrador na Escola de Taekwondo de Sarria, participou esta fin de semana no Campionato do Mundo

Hong Kong 2024.

Concretamente, competiu na categoría sénior 1 masculino e durante o primeiro enfrontamento, o seu oponente foi China. Tras a realización de poomsaes, a nota final foi de 8.540 para China e de 8.520 para Álex. Con todo, o monfortino sostivo que estaba "moi contento coa oportunidade a pesar do resultado". Ademais, competiu cos seus compañeiros Carlos e Marco, enfrontándose ao gañador do enfrontamento entre México e Malasia.

O III Rally Regularidad Vila de Sarria será en maio

O Club Clásicos de Sarria organiza o III Rally de Regularidad Vila de Sarria, un ano máis, na primeira fin de semana de maio do vindeiro ano, 2025. Este ano celebrouse a segunda edición e fixérona coincidir con outros dous grandes eventos: a Feira de Antigüidades e a carreira Pretorian Extreme.

PINTOR

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

V.A.

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

“Representar á miña terra é algo moi emocionante”

Falamos coa deportista sarriá Noa López Tallón, que na actualidade adestra no equipo Ensino de Lugo, pero que se formou na canteira do CB Sarria

De onde vén o seu amor polo deporte?

Dende pequeniña meus pais sempre me inculcaron o gusto polo deporte en xeral, gústame velo e sobre todo practicalo. Teño feito de todo: ximnasia rítmica, natación, esquí, patinaxe, baloncesto... aínda que o que máis me chamou sempre foi o fútbol.

En cantos deportes competiu e con que clubs?

En ximnasia rítmica estiven co Club Xirandela, en fútbol sala co Colexio da Asunción, en fútbol campo coa SD Sarriana e co PM; e en Baloncesto co CB Sarria, Estudiantes de Lugo, BBKA de Ferrol e o Club Ensino de Lugo.

Pode contarnos a súa traxectoria?

Comecei a xogar ao baloncesto aos 6 anos no Colexio da Asunción, pero alí non competía. Esta actividade impartíaa o CB Sarria. Cando tiña 8 anos entrei en programas de seguimento da Federación Galega de Baloncesto, formando o Combinado Galego (10 nenas de 8 anos seleccionadas de toda Galicia). A partir de aí, na tempada seguinte, empecei a competir co CB Sarria na categoría de Premini onde estiven 5 anos, compaxinándoo con vinculacións ao Estudiantes de Lugo en categoría Mini e outro ano en BBKA Costa ártabra en categoría infantil para poder competir en Liga Galega. En cadete dei o salto ao Ensino, no que estou actualmente vivindo a miña terceira tempada.

Cales son os momentos máis salientables que viviu?

Cando era infantil, fun convidada polo Ensino a participar na Minicopa da Raíña. Nesta competición só poden participar os equipos infantís de clubs que compiten en Liga Endesa. Daquela, non xogaba no Ensino, pero a competición permitía levar ata 3 xogadoras

convidadas e eu fun unha delas. A miña participación nesa competición abriume moitas portas. Celebrouse en Valencia, nas instalacións de la Alquería del Basket e eu nunca estivera nun complexo deportivo tan impresionante. Foi xenial. A nivel Galicia, gañar o Campionato Galego en categoría infantil co BBKA de Ferrol 2022, o Campionato Galego júnior co Ensino, en 2023 e o subcampeonato en 2024 foron momentos importantes. A posibilidade de vivir e competir en tres Campionatos de España de clubs tamén foron vivencias increíbles.

Como é a experiencia de formar parte dunha Selección Galega?

Ser galega e poder representar á miña terra é dos momentos máis emotivos e emocionantes. Iso non só supón competir, senón que dá acceso a adestrar con adestradores fabulosos, participar en torneos noutras comunidades, compartir concentracións coas mellores xogadoras de Galicia, viaxar, coñecer xogadoras de toda España... sintome unha privilexiada por ter vivido coa Federación Galega tres Campionatos de España de Seleccións en Huelva. Este tipo de experiencias enriquecéronme tanto a nivel deportivo como persoal, deixándome amizades para toda a vida. Porén a pandemia deixoume mal sabor de boca ao non poder participar no Campionato de España Mini en San Fernando, que tivo que suspenderse, foi unha pena...

Tamén lle gusta a modalidade de 3X3.

Si, é unha modalidade deportiva que está gañando moita popularidade. O 3x3 chegou para quedarse, gústame moito. No verán, cando teño tempo libre, aproveito para xuntarme con amigas de diferentes sitios de Galicia e participar en torneos de verán porque é

unha maneira de seguir facendo o que máis me gusta pero dun xeito máis lúdico. En competición oficial no 2023 participei con dúas nenas de Ferrol e unha de Vigo e fomos Campioas Galegas SUB-15, o que deu paso ao equipo ao Campionato de España 3x3 en Blanes, representando a Galicia. Nese mesmo ano, co Ensino participei no Campionato de España 3x3 de Clubs sub-17 que se celebrou en Mallorca.

E da Selección Española, que nos pode contar?

Que te chame a Selección Española é sempre un orgullo. Son moi poucas as nenas as que teñen a oportunidade de entrar e ser unha delas é un privilexio. Entrei por primeira vez na Sub-a14 nunha concentración en Íscar, Valladolid, na que xogamos un triangular con Portugal. Coa Sub-15 fun convocada para participar nun campionato organizado pola JUNIOR NBA en Abu Dhabi. Foi increíble. Alí competimos contra Inglaterra, Alemaña, Emiratos Árabes, Qatar e Líbano. Gañamos o torneo, e fun a MVP contra Alemaña foi unha vivencia moi especial.

Cales son os valores imprescindibles no baloncesto?

Penso que a humildade é un gran valor que, acompañado do traballo, a disciplina, a constancia, o compromiso e o compañeirismo, levan ao éxito deportivo e social. Os valores do baloncesto son os valores que deben estar presentes tanto no deporte como da vida.

Cal foi o peor momento da súa carreira deportiva?

Téño moi claro: o 12 de xaneiro de 2024 xogando un partido en Culleredo notei un crack no xeonllo esquerdo. Rompín o menisco, tiña que parar e pasar por quirófano, a tempada para min remataba. Foi un duro golpe nun ano que tiña moitas proxectos. Tiven



que vivir na bancada dúas fases finais galegas, dous campionatos de España, fase de ascenso a Liga 2... pero quédome con que aprendín moito. Sentín o cariño de moita xente, que me axudou e me encheu de forza, estivo ao meu lado acompañándome na miña recuperación... E así aprendín que nos momentos malos sempre aparecen cousas boas, que son as que hai que agarrarse para coller impulso.

Como o viviu?

Sabía que un deportista ten que convivir co risco á lesión, pero foron meses complicados. O meu ritmo de vida cambiou, xa que non podía adestrar, xogar, convivir coas compañeiras, non sabía se volvería a xogar, se sería a mesma xogadora... Durante os meses de recuperación, sentínme moi arroupada. Chegáronme moitas mensaxes de ánimo. Doulle as grazas a Adrián Gallego, o meu médico e veciño de Sarria, que me operou, o preparador físico de Ensino e aos fisioterapeutas que me axudaron. Traballei duro para recuperarme e poder volver axiña, e conseguino. Tiven moita sorte.

Como foi a volta ás pistas?

Moi intensa. Comecei a pretempada con Liga Endesa en agosto, en setembro cos meus equipos júnior e sénior autonómica e aínda que

teño algunha molestia típica trala operación, pouco a pouco me vou atopando mellor e cada día que pasa sintome con máis forza.

Teño a sorte de que no Ensino confían moito en min e querenme ben. Este ano estou en dinámica co primeiro equipo e aínda que xa xogara partidos amistosos de pretempada, este ano no primeiro partido da Liga en Lugo convocáronme para xogar contra o Valencia Basket e debutarei nun partido oficial de Liga Endesa con 16 anos.

Que supuxo iso?

Foi un soño feito realidade. No momento de saír á cancha, creo que fun a nena máis feliz do mundo. Non sentín nervios, estaba confiada porque me sinto súper querida e apreciada tanto polas xogadoras como polo corpo técnico. Cóidanme un montón e axúdanme a superar as dificultades, estou aprendendo moito e sempre estarei agradecida desta oportunidade que me están dando.

Como ve o futuro?

Gustaríame poder vivir a experiencia de chegar a ser xogadora de baloncesto profesional. Sei que é moi difícil e é para unha etapa curta da vida, pero é algo polo que vou traballar. No futuro seguro que estarei vinculada ao deporte, que é o que máis me gusta.

CREADOS

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACION PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
☎ 626 21 86 28

ESO

INFANTIL PRIMARIA

STIHL

PRESUME DE JARDÍN

UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS

DESCÚBRELLAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL

OFERTA PRIMERA 2024

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria.
Telf. 982 532 202

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Os muíños fariñeiros de Trascastro do Incio

Os Muíño do Sancho e Muíño da Vila son dúas construcións que forman parte do patrimonio do municipio do Incio

A parroquia de Santalla de Trascastro no Incio, que limita coas parroquias de Foilebar, Santalla, Ferreiros, Saa, Santa Mariña do Incio, Hospital e San Pedro do Incio, acolle, entre as súas particularidades, dous muíños fariñeiros que están en desuso, pero son dos mellores conservados da zona.

Estes son o Muíño do Sancho e Muíño da Vila, dúas construcións que forman parte do patrimonio do municipio do Incio e que se atopan a escasos metros de distancia a unha da outra, nunha contorna bañada polas augas do río Cabe, un dos principais afluentes do río Sil pola súa marxe dereita, e do río Antigua. Hai 40 anos, ambos muíños funcionaban case todos os días e tamén traballaban de noite, a través dun labor de moer o gran para facer a fariña. Así, aproveitando o leito do río, activábase o funcionamento do muíño grazas á forza motriz da propia auga. Ao moverse, moía o cereal de centeo ou millo e formábase a fariña que logo se utilizaría para alimentar os animais ou crear o pan que comían moitos veciños. Por iso, nestes dous muíños acudían diariamente veciños de Martín, Foilebar, Santa Mariña, Pereiro o Río, todos do Incio; pero tamén de lugares da Pobra do Brollón, como de Monteagudo, O Busto, Penadexo, Pradelas, Covadela e A Veneira.

CENTRAL ELÉCTRICA. Ademais da creación de fariña, no Muíño


de Vila traballaban tres rodas e dúas delas con peneira e tiña unha construción pegada ao edificio do muíño que funcionaba como central eléctrica, proporcionando luz ás localidades de Trascastro, Río, Santa Mariña e A Ferrería durante moitos anos, máis de 20 no caso de Trascastro, xa que non chegou a luz ás localidades ao mesmo tempo e que a central pechou a finais dos anos 60.

O funcionamento desta central consistía nun sistema de turbina na que entrada e saía a auga do río Antigua e unha roda de gran tamaño que accionaba unha dínamo que producía corrente eléctrica, así como unha serra mecánica que cortaba madeira. Ademais, contaban cun sistema de barras metálicas e engraxes dirixido cun voante de automóbil para regular a entrada da auga na turbina.

O RÍO QUE MOVÍA OS MUÍÑOS.

O río Cabe ten unha extensión de 737 km² e ocupa os concellos do Incio, Paradela, A Pobra do Brollón, Bóveda, Monforte de Lemos, O Saviñao, Sober e Pantón. No seu curso alto, poucos quilómetros despois do seu nacemento, pasa por Santa Mariña, Río e Trascastro, onde recibe as augas do accidentado río Antigua e onde se atopan os dous muíños, o do Sancho e o do Vila. Continúa logo por San Miguel, Barreiro e San Pedro, onde está o muíño de Cortiñas. Logo entra no Concello da Pobra do Brollón e pasa pola aldea de Biduedo. Entón recibe as augas

do rego de Paraxes, rego da Córnea, rego Acevedo, rego Val de Forgas e rego Sobrecín. Entra logo en Pacios de Veiga, onde están os muíños do Seara, do Ramiro e do Vila. No seu curso medio, pasado Pacios de Veiga, o Cabe entra no Val de Lemos, pasando por Veiga, onde recibe as augas do río Picarrexo; Santalla de Rei, onde atopamos o muíño de Folla; A Nogueira, Alende e A Lama e Fornelas, onde recibe as augas do río Saa antes de virar cara á dereita e entrar na Serra do Moncai, onde pasa ao concello de Monforte de Lemos, onde transcorre polas aldeas de Camporriño, onde recibe as augas do río Mao; Remuín, onde pouco despois está o inicio do Canal Alto do Regadío Val de Lemos; O Freixo, Ribas Altas, e posteriormente entra na capital monfortina, cruzando a Ponte Vella. Tamén recibe as augas dos regatos de Rioseco e da Veiga e logo pasa por Piñeira e Distriz, onde desembocan o barranco de Carballo e o río Cinsa. Aí, entra en Pantón, onde está a Illeta de Muíño, pasa por Eireos e Valado e recibe as augas do regato de Sante. Logo recibe as augas do río Carabelos e pasa por Carnaval, pasa por debaixo da estrada N-120 e recibe as augas do río Ferreira. Pasa logo por Areas e O Cotillón, e recibe as augas do regato da Pereira. Finalmente, desemboca no Sil no lugar da Barca, no límite entre as parroquias e concellos de Frontón (Pantón), Anllo (Sober) e Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín).



<p>MADEIRA SERVICIOS FUNERARIOS</p> <p>Funerarias Tanatorios Seguros</p> <p>75 MADEIRA SERVICIOS Desde 1945</p> <p>Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo Teléfono y fax 982 53 00 15</p> <p>funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es</p>	<p><i>Pili Madeira</i> FLORISTERÍA</p> <p>Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)</p> <p>floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es</p>	<p>REGALOS & EVENTOS</p> <p>bicarelo</p> <p>Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88 info@bicarelo.es</p>
--	---	---